
EU SON

Sri Nisargadatta Maharaj

Traducción, notas e glosario:

Iván Sende



Índice

Título orixinal: *I am That*, 1973
Tradución, notas e glosario: Iván Sende
Introdución: Maurice Frydman
Deseño e maquetación: Juan Gallego _ www.juangallegoestudio.com

Ilustración de portada: Max Bill. 'Variation 12', 1938

Edición: **axóuxere**
Brión, 64
15928 Leiro, Rianxo. A Coruña
Galiza
info@axouxe-stream.com
axouxe-stream.com

Impresión: Gráficas Sementeira. Noia

ISBN: 978-84-939107-8-5
Depósito legal: C 2400-2012

Nisarga Yoga	
Maurice Frydman	7
A obsesión co corpo	21
Non teñas a menos a atención	27
Máis alá do pracer e da dor está a dita	39
O que vai e vén non ten esencia de seu	53
Sé indiferente á dor e ao pracer	67
Abandona todo e gañarás todo	85
Unha mente tranquila é todo o que precisas	97
A transitoriedade é a mellor proba da irrealidade	109
Deus é o remate de todo desexo e coñecemento	123
O que é puro, sen mestura, carente de apegos, é real	137
A verdade é aquí e agora	157
Liberarse da autoidentificación	177
Glosario	195

Nisarga Yoga

No humilde fogar de Sri Nisargadatta Maharaj, se non fose polas luces eléctricas e polo balbordo do trafego na rúa, un non sabería en que período da historia da humanidade se atopa. A atmosfera na súa pequena habitación transcende o tempo; os temas de discusión son atemporais, válidos para calquera época; o xeito en que son expostos e examinados tamén é atemporal; os séculos, milenios e yugas van pasando e un segue a tratar con temas incrivelmente antigos e eternamente novos.

As charlas mantidas e as ensinanzas dadas poderían ter sido as mesmas fai dez mil anos e serán as mesmas dentro doutros dez mil anos máis. Sempre haberá seres conscientes a preguntarse polo propio feito de ser conscien-

tes, pescudando as causas e os propósitos deste feito. Quen son? De onde veño? A onde vou? Semellantes cuestións non teñen comezo nin fin. E é crucial coñecer as respostas, xa que sen unha completa comprensión dun mesmo, tanto no tempo coma na atemporalidade, a vida non é máis que un soño imposto por poderes descoñecidos, con motivos que se nos escapan.

Maharaj non ten estudos. Non agocha ningunha erudición no seu humilde Marathi; el non cita frases, rara vez menciona as escrituras; a increíble herdanza espiritual da India nel é implícita máis que explícita. Ningún luxoso Ashram foi construído para el e a maioría dos seus seguidores son xente humilde e traballadora que celebran a oportunidade de pasar unha hora ao seu carón de cando en cando.

Simplicidade e humildade son a nota da súa vida e ensinanzas; física e interiormente nunca toma o asento máis elevado; a esencia do ser dende a que fala vea nos outros tan claramente coma a ve en si mesmo. Admite que mentres el está ao tanto deste feito, outros non o están, pero esta diferenza é temporal e carece de importancia, agás para a

mente e o seu sempre cambiante contido. Cando lle preguntan polo seu Yoga, el di que non ten ningún que ofrecer, ningún sistema ou proposta, ningunha teoloxía, cosmoloxía, psicoloxía ou filosofía. El coñece a natureza verdadeira –a súa e a dos que o escoitan–, e sinálaa. As persoas que o escoitan non poden velo porque non poden ver, sinxela e directamente, o obvio. Todo o que saben sábeno a través da súa mente, estimulada polos sentidos. Que a mente é, en si mesma, un sentido, nin sequera o sospeitan.

O Nisarga Yoga, o Yoga “natural” do Maharaj, é desconcertantemente simple; a mente, que é incesante transformación debe recoñecer e penetrar o seu propio ser, non coma isto ou aquilo, aquí ou aló, agora ou despois, senón coma ser atemporal.

Este ser atemporal é a fonte da vida e da conciencia. En relación ao tempo, espazo e causalidade, é todopoderoso, sendo el a razón sen causa. Abrangue todo, é eterno no sentido de que nunca comezou, non ten remate e é omnipresente. Carente de causa é libre; atravesando todo é omnisciente; cumprido é feliz. Vive, ama e goza sen fin, creando e recreando o universo. Toda persoa o posúe, toda persoa

é iso, mais non todos se coñecen como realmente son e, xa que logo, identifícanse co nome e a forma dos seus corpos e co contido da súa conciencia.

Para arranxar este malentendido da propia natureza, a única vía é ter coñecemento completo das rodeiras da propia mente e convertela nun instrumento de auto-descuberta. A mente foi, ao comezo, unha ferramenta na loita pola supervivencia biolóxica. Tivo que aprender as leis e os manexos da natureza. Mais no proceso a mente adquiriu a arte do pensamento simbólico e da comunicación, a arte e habelencia da linguaxe. As palabras tornaron importantes. As palabras e abstraccións tomaron a aparencia da realidade, o conceptual substituíu ao real, co resultado de que hoxe as persoas viven nun mundo verbal, ateigado de palabras e dominado por elas.

Obviamente para tratar coas persoas e as cousas as palabras son extremadamente útiles. Pero obríganos a vivir nun mundo totalmente simbólico e, xa que logo, irreal. Para fuxir desta prisión da mente verbal cara a realidade un debe ser quen de mudar o foco de atención do mundo referido ao obxecto real.

A palabra máis usada e a máis chea de sentimentos asociados e ideas é a palabra “eu”. A mente tende a incluír nela todo, calquera cousa, tanto o corpo coma o Absoluto. Na práctica serve de sinal para unha experiencia que é directa, inmediata e incrivelmente significativa. Ser, e saber que un é, é fundamental. E para que unha cousa teña interese ten que estar relacionada coa existencia consciente, que é o foco de todo medo e desexo xa que a finalidade última de todo desexo é reafirmar e intensificar este sentido da existencia, mentres que o medo é, esencialmente, medo á desaparición.

Pescudar nesta sensación do “eu” –tan real e vital–, para atopar a súa fonte e orixe é a cerna do Nisarga Yoga. Carecendo de conciencia, a sensación do “eu” ten que ter unha fonte da que xurdir e á que voltar. Esta fonte atemporal do ser consciente é o que Maharaj chama a-propia-natureza, o-propio-ser, swarupa.

No tocante aos métodos para coñecer a identidade suprema, Maharaj mostra pouco interese. El di que cada quen ten o seu propio camiño á realidade, e que non poden existir regras xerais. Mais por calquera porta á realidade,

calquera camiño polo que un chegue aló, atoparase coa sensación “eu son”. E é entendendo o sentido profundo do “eu son” e indo máis alá da súa fonte que un pode chegar a realizarse no Estado Supremo, que é o primordial e o definitivo. As diferenzas entre comezo e fin existen só na mente. Canto a mente está escurecida ou turbia non se pode percibir a fonte; cando está clara e luminosa convértese nun reflexo fiel dela. A fonte é sempre a mesma, alén da luz e a escuridade, alén da vida e a morte, alén do consciente e o inconsciente.

Este permanecer na sensación “eu son” é o Yoga sinxelo, doado e natural, o Nisarga Yoga. Non hai segredo nel, nin dependencia posible; non se require preparación nin iniciación. Quen queira que estea desconcertado pola súa propia existencia como ser consciente e intente, seriamente, atopar a súa orixe, pode achegarse á omnipresente sensación “eu son” e ficar nela de cote e con paciencia, ata que as nubes da mente se esvaezan e o corazón do ser poida ser visto en toda a súa gloria.

Cando se persevera no Nisarga Yoga e se leva a termo, o resultado é que un se volve consciente e activo alí onde

sempre foi inconsciente e pasivo. Non existe diferenza de tipo ou clase entre un croio amorfo de ouro e a fermosa alfaiá que se fai con el. A vida segue o seu curso pero de xeito espontáneo e en liberdade, feliz e chea de sentido.

Maharaj describe do xeito máis lúcido este estado, espontáneo e natural, pero así como a persoa que naceu cega non pode ver a luz nin as cores, a persoa non-iluminada non é quen de ver o significado de tales descrições. Expresións como felicidade desapaixonada, desapego agarimoso, atemporalidade e acausalidade do ser e das cousas, soan todas estrañas e non reciben resposta. Intuitivamente temos a sensación de que teñen un significado profundo, e mesmo crean en nós unha estraña morriña polo inefable, o preludio do que virá, mais iso é todo. Como di o propio Maharaj: as palabras son os sinais, amosan a dirección a seguir pero non nos van acompañar na viaxe. A verdade é o froito do traballo serio, as palabras só amosan o camiño.

Maurice Frydman

EU SON

Nota dos Editores:

Na edición orixinal deste libro abundan os termos propios da corrente Advaita Vedanta por mor da exactitude e do respecto á tradición (e en ocasións polo simple costume). O editor orixinal do texto, Maurice Frydman, optou por deixalos na maioría dos casos na súa forma sánskrita e nós quixemos compartir esta decisión na nosa escolma de conversas.

Para aqueles que non estean familiarizados con esta terminoloxía incluíuse, ao final do libro, un glosario cunha explicación dos devanditos termos.

Rianxo, 2012

O buscador é aquele que está na procura de si mesmo.

Abandona todas as perguntas excepto unha: “Quen son eu?”.

Despois de todo, do único feito do que estás seguro é de que ti es.

O “eu son” é seguro. O “eu son isto” non.

Sri Nisargadatta Maharaj

A obsesión do corpo

INTERLOCUTOR: Maharaj, ti estás sentado en fronte miña e eu estou aquí, aos teus pés. Cal é a diferenza fundamental entre nolos dous?

MAHARAJ: Non hai diferenza tal.

I: Pero ten que haber unha diferenza, de feito. Eu veño a ti, ti non vés a min.

M: É por ti imaxinar diferenzas que vas acó e aló na procura de xente “superior”.

I: Pero ti es unha persoa superior. Ti dis coñecer o real, eu non.

M: Díxenche eu algunha vez que ti non sabes e que es inferior? Deixa que os que inventaron tales distincións as demostren. Eu non defendo co-

ñecer nada que ti non coñezas. De feito eu sei moito menos ca ti.

- I:** As túas palabras son sabias, o teu comportamento nobre, a túa gracia todopoderosa.
- M:** Eu non sei nada diso nin vexo ningunha diferenza entre ti e máis eu. A miña vida é unha sucesión de eventos, igual cá túa, só que eu vivo con desapego e vexo o espectáculo que pasa coma un espectáculo que pasa, mentres que ti te aferras ás cousas e te deixas levar por elas.
- I:** Que foi o que te fixo tan desaparexonado?
- M:** Nada en particular. Foi que confiei no meu *Guru*.¹ El díxome que eu non era nada senón eu mesmo, e crínlllo. Créndoo, actuei en consecuencia e deixei de preocuparme polo que non era eu, polo que non era meu.
- I:** Como é que fuches tan afortunado de crer de vez ao teu mestre, mentres que a nosa confianza é só nominal e verbal?
- M:** Quen podería dicilo? Aconteceu así. As cousas pasan sen causa e sen motivo e, despois de todo,

que importa quen é quen? A túa elevada opinión sobre min é soamente a túa opinión. Podes mudala en calquera intre. Por que darlle importancia ás opinións, incluso á túa propia?

- I:** Con todo, ti es distinto. A túa mente semella estar sempre en acougo e feliz, e acontecen milagres ao teu redor.
- M:** Eu non sei nada sobre milagres, e aínda me pregunto se a natureza admite excepcións ás súas leis, non sendo que concordemos en que todo é un milagre. E sobre o da miña mente: non hai cousa tal. Hai conciencia na que todo acontece. É obvio; é parte da experiencia de todo o mundo. A cousa é que ti non miras con tino. Mira correctamente e verás o que eu vexo.
- I:** Que é o que ves?
- M:** Eu vexo o que ti poderías ver, aquí e agora, se non fose porque dirixes mal a túa atención. Ti non pos atención en ti mesmo. A túa mente está chea de cousas, de xente e de ideas, nunca está contigo. Ponte a ti mesmo no foco de atención,

decatate da túa propia existencia. Repara en como fas as cousas, observa os motivos e os resultados das túas accións. Estuda a prisión que constrúches ao teu redor por descoído. Coñecendo o que non es acabarás por coñecerte a ti mesmo. O camiño de volta ao teu ser pasa pola negación e o rexeitamento. Unha cousa é segura: o real non é imaxinario, non é un produto da mente. Nin sequera a sensación “eu son” é continua, aínda que é un indicador moi útil: amosa onde buscar, mais non *que* buscar. Tan só bótalle unha boa ollada. Cando te convenzas de que non podes dicir con plena confianza nada sobre ti mesmo, non sendo “eu son”, e de que nada que puideras sinalar co dedo pode ser ti mesmo, a necesidade do “eu son” rematou: non terás máis apuro en definir o que es. Todo o que che fai falla é desfacerte da tendencia a definirte a ti mesmo. Todas as definicións refírense ao teu corpo e ás súas expresións. Cando esta obsesión co corpo se perda volverás ao teu estado natural,

de xeito espontáneo e sen esforzo. A única diferenza entre nós é que eu estou ao tanto do meu estado natural mentres que ti estás ofuscado. Da mesma maneira que o ouro das alfaias non é mellor que o ouro en po agás cando a mente o fai así, do mesmo xeito nós somos *un* no ser, só diferimos en aparencia. Isto descubrímolos esforzándonos, buscando, pescudando, preguntando cada día e cada hora, adicando a nosa vida a esta descuberta.

NOTAS

¹ Mestre, guía. Optouse, nesta tradución, por conservar a forma orixinal da palabra para limitar o sentido de *Guru* a aquel que marca a tradición hindú, é dicir: aquel que está asentado na experiencia da Realidade e guía a outros na súa procura.

Non teñas a menos a atención

INTERLOCUTOR: Cando miro para ti vexo a un home pobre con medios moi limitados, enfrontado aos problemas da pobreza e da velez, coma calquera outra persoa.

MAHARAJ: Cal sería a diferenza se fose moi rico? Eu son o que son. Que outra cousa podería ser? Non son nin rico nin pobre, son eu mesmo.

I: Con todo, ti experimentas dor e pracer.

M: Experimentoos na conciencia, pero eu non son nin a conciencia nin o seu contido.

I: Ti dis que no noso ser real todos somos iguais. Como é que a túa experiencia é tan diferente da nosa?

- M:** A miña experiencia real non é diferente. Son a miña avaliación e a miña actitude as que difiren. Eu vexo o mesmo mundo ca ti, pero non do mesmo xeito. Non hai nada misterioso nisto. As persoas ven o mundo a través da idea que teñen de si mesmos. Así coma ti te ves, así pensas que o mundo é. Se ti te imaxinas a ti mesmo separado do mundo, o mundo aparecerá separado de ti e experimentarás medo e desexo. Eu non vexo o mundo separado de min e, xa que logo, non teño nada que temer ou desexar.
- I:** Es un punto de luz no mundo. Non é algo que calquera pode dicir.
- M:** Non hai ningunha diferenza en absoluto entre min e os outros, non sendo no meu coñecerme como realmente son. Eu son todo. Eu sei de certo, e ti non.
- I:** Entón volvemos á mesma: somos diferentes.
- M:** Non, non somos. A diferenza está só na mente e é temporal. Eu era coma ti, ti serás coma min.
- I:** Deus fixo un mundo do máis diverso.

- M:** A diversidade está só en ti. Mírate a ti mesmo como es, e verás ao mundo como é: un único bloque de realidade, indivisible, indescribible. O teu propio poder creativo proxecta sobor del unha imaxe e todas as túas preguntas refírense á imaxe.
- I:** Un *yogi* tibetano escribiu que Deus crea o mundo cun propósito e faino andar de acordo co plan. O propósito é bo e o plan é certamente sabio.
- M:** Todo iso é temporal e eu, pola contra, trato co eterno. Os deuses e os seus universos veñen e van, os *avatars* van uns detrás doutros nunha sucesión interminable, e ao final estamos de volta na orixe. Eu falo unicamente da orixe atemporal de todos os deuses cos seus universos, pasados, presentes e futuros.
- I:** Coñécelos a todos? Lémbraste deles?
- M:** Cando uns nenos fan unha representación, xogando: que hai niso que me poida interesar para ver e recordar?
- I:** Por que media humanidade son homes e a outra mulleres?

M: Para a súa propia felicidade. O impersonal (*avyakta*) convértese no persoal (*vyakta*) por mor da felicidade nas relacións. Pola graza do meu *Guru* podo mirar cos mesmos ollos tanto o persoal coma o impersonal. Son o mesmo para min. Na vida o persoal fúndese co impersonal.

I: Como xurde o persoal do impersonal?

M: Os dous son aspectos dunha única realidade. Non é correcto falar dunha precedendo á outra. Todas estas ideas pertencen ao estado de vixilia.

I: Que é o que produce o estado de vixilia?

M: Na raíz de toda creación está o desexo. Desexo e imaxinación danse forza e acubillo un ao outro. O cuarto estado (*turiya*) é un estado de observación pura, alerta sen apego, desapaixonado e inefable. É coma o espazo, que non é afectado polo que queira que contén. Os problemas corporais e mentais non o alcanzan; están fóra, “aló”, entanto o *observador* está sempre “aquí”.

I: Que é real, o subxectivo ou o obxectivo? Eu máis ben penso que o universo obxectivo é o real e o

meu máxín subxectivo é cambiante e transitorio. Semella que ti mantés que o real son os teus estados íntimos, subxectivos, e que lle negas toda realidade ao mundo externo, concreto.

M: Tanto o subxectivo coma o obxectivo son cambiantes e transitorios. Non teñen nada de real. Atopa o permanente no fugaz, o factor constante de toda experiencia.

I: Cal é o factor constante?

M: Darlle distintos nomes e referirse a el de distintos xeitos non che vai ser de gran axuda como non teñas a capacidade de ver. Un home coa vista mermada non pode ver ao papagaio na póla da árbore por moito que lle insistas en que mire. Como moito verá o teu dedo sinalando. Primeiro limpa a túa visión, aprende a ver no canto de fitar, e verás ao papagaio. Porén debes querer ver. Precisas tanto de claridade como de ansia por coñecerte a ti mesmo. Precisas de madurez de mente e corazón, que se consegue coa seriedade posta en práctica na vida diaria de calquera cousiña

que aprenderas. Non podes facer concesións no *Yoga*.

Se queres pecar, peca de todo corazón e abertamente. Os pecados teñen tamén as súas leccións que aprenderlle ao pecador comprometido, igual que as virtudes lle ensinan ao santo comprometido. É a mestura dos dous o que resulta desastroso. Nada pode bloquearte tan efectivamente coma o facer concesións, xa que demostra falta de seriedade, sen a cal non se pode facer nada.

- I:** Aprobo a austeridade mais na práctica dezo polo luxo. O hábito de perseguir os praceres e fuxir da dor ten tal raizame en min que todas as miñas boas intencións, tan vivas ao nivel da teoría, non atopan o chan onde prender no día a día. Dicirme que non son honesto non me vai axudar porque eu non sei como facer de min unha persoa honesta.
- M:** Ti non es honesto nin deshonesto: darlle nomes aos estados mentais só serve para amosar acordo

ou desacordo. O problema non é teu: é un problema da túa mente. Comeza pola disociación coa túa mente. Recorda sempre, con firmeza, que ti non es a mente, e que os seus problemas non son teus.

- I:** Podo ir por aí dicindo: “Eu non son a mente, non teño nada que ver cos seus problemas”, pero a mente fica aí, e os seus problemas seguen igual que estaban. E agora por favor non me digas que é porque non son serio abondo e debo ser máis serio! Seino e admítoo, eu só pregunto: como se fai?
- M:** Cando menos preguntas! Está ben para comezar. Segue a cuestionar, a preguntar, segue con ese degoro de atopar un xeito. Sé consciente de ti mesmo, observa a túa mente, préstalle toda a túa atención. Non busques resultados rápidos; poden acontecer sen que ti te decates. Sen que ti o saibas a túa psique mudará, haberá máis claridade no teu pensamento, máis claridade no teu sentimento e pureza na túa conduta. Non teñen que ser o teu obxectivo: ti verás o cambio de to-

dos xeitos, xa que o que es é o resultado da falta de atención, e o que chegarás a ser será froito da atención.

- I:** Porque ía a simple atención supoñer semellante cambio?
- M:** Ata agora a túa vida era escura e desacougada (*tamas e rajas*). Atención, aleuteza, observación, claridade, ledicia e vitalidade, son todas manifestacións da integridade, da unidade coa túa verdadeira natureza (*sattva*). É propio da *sattva* reconciliar e neutralizar *tamas* e *rajas* e reconstruír a personalidade de acordo coa verdadeira natureza do Ser.² *Sattva* é fiel servinte do Ser: sempre atenta e obediente.
- I:** E eu acadarei iso coa simple atención?
- M:** Non teñas a menos a atención. Atención significa interese e mesmo amor. Para coñecer, para facer, para descubrir ou para crear tes que poñer todo o teu corazón: o que significa poñer toda a túa atención. Todas as beizóns manan desta atención.

- I:** Ti recoméndasnos concentrarnos no “eu son”. É tamén isto unha forma de atención?
- M:** Que outra cousa ía ser? Presta toda a túa atención ao máis importante que hai na túa vida: ti mesmo. No teu universo persoal ti es o centro; sen coñecer a cerna, que máis poderías coñecer?
- I:** Pero como podo coñecerme a min mesmo? Para coñecerme a min mesmo debería estar separado de min. Pero o que está lonxe de min non podo ser eu mesmo. Xa que logo, semella que non podo chegar a coñecer o que son, senón só o que *creo* que son.
- M:** Certamente. Así como non podes ver a túa cara non sendo reflectida nun espello, só podes ver a túa imaxe reflectida no espello immaculado da observación pura.
- I:** E como fago eu para conseguir semellante espello?
- M:** Limpando, obviamente. Atopa as manchas e quítaas. A vella ensinanza segue plenamente vixente.
- I:** En que consiste ver e en que consiste “quitar”?

M: A natureza do espello perfecto é tal que resulta invisible. Calquera cousa que vexas non pode ser máis que unha mancha. Dálle as costas, abandónaa, decátate de que non a desexas.

I: Todos os obxectos percibidos son manchas?

M: Todos son manchas.

I: O mundo enteiro é unha mancha.

M: É.

I: Que horrible! Entón o universo enteiro non ten valor ningún?

M: Ten un valor inmenso. Indo máis alá realizas o teu ser.

I: Pero porque chegou entón sequera a existir?

M: Saberalo cando remate.

I: Rematará algunha vez?

M: Rematará para ti.

I: Cando comezou?

M: Agora.

I: Cando rematará?

M: Agora.

I: Pero non remata agora...

M: Ti non lle deixas.

I: Eu quero deixarlle.

M: Non tal. Toda a túa vida está conectada a el. O teu pasado, o teu futuro, os teus desexos e os teus medos, todos teñen a súa raíz no mundo. Sen o mundo, onde estás ti? Quen es ti?

I: Pero iso é precisamente o que vin descubrir aquí.

M: E o que eu che digo é precisamente isto: atopa un punto de apoio máis alá e todo resultará claro e sinxelo.

NOTAS

¹ En Inglés “the witness”, literalmente “a testemuña”. Optouse por traducir esta expresión como “o observador”, xa que brinda un sentido afín ao orixinal e axiliza a lectura.

² Cando no texto orixinal aparece a expresión inglesa “Self” facendo referencia ao *Atman*, decidiuse traducila como “Ser”.

Máis alá do pracer e da dor está a dita

MAHARAJ: Debedes decatarvos, antes de nada, de que vós sodes a proba de todo, incluídos vós mesmos. Ninguén pode dar proba da vosa existencia, xa que a súa existencia ten que ser confirmada por vós en primeiro lugar. Non lle debedes a ninguén o voso ser e coñecer. Lembraide que sodes autónomos. Non vides de ningures, non ides a ningures. Sodes observación e ser atemporal.

INTERLOCUTOR: Pero hai unha diferenza fundamental entre nós. Ti coñeces o real mentres que eu só coñezo o funcionamento da miña mente. Xa que logo, o que ti dis é unha cousa e o que eu escoito é outra. O que ti dis é certo, o que eu oio é

falso, malia seren as palabras as mesmas. Hai un oco entre nós. Como se pecha ese oco?

- M:** Abandona a idea de ser quen cres que es e deixará de haber un oco. Imaxinándote separado creaches o oco. Non precisas cruzalo, sinxelamente non o fabriques. Todo é ti e todo é teu. Non existe ninguén máis. Isto é un feito.
- I:** Que estraño! As mesmas palabras que para ti son certas, para min son falsas. “Non existe ninguén máis”. Obviamente iso é falso!
- M:** Déixaas estar, certas ou falsas: as palabras pouco importan. O que importa é a idea que ti tes de ti mesmo, xa que é a que te está a bloquear. Abandónaa.
- I:** Dende neno ensináronme a pensar que estou limitado ao meu nome e forma. Un simple comentario dicindo o contrario non vai borrar todos os roteiros mentais. Tería que facerse un vulgar lavado de cerebro –se é que se pode facer algo–.
- M:** Ti chámalle lavado de cerebro, eu chámolle *Yoga*: borrar todas as rodeiras da mente. Non de-

berías estar sendo empurrado a pensar os mesmos pensamentos unha e outra vez. Móvete!

- I:** É máis doado dicilo que facelo.
- M:** Non sexas infantil! É máis fácil cambiar que sofrer. Sae do teu infantilismo, iso é todo.
- I:** Esas cousas non se fan, acontecen.
- M:** Todo acontece todo o tempo, porén debes estar disposto. Estar disposto é estar maduro. Non ves o real porque a túa mente non está preparada para velo.
- I:** Se a realidade é a miña verdadeira natureza, como podería eu non estar preparado para vela?
- M:** Non preparado significa atemorizado. Tes medo do que es. O teu destino é a totalidade, pero tes medo de perder a túa identidade. Iso é infantilismo: aferrarte aos teus xoguetes, aos teus medos e desexos, ás túas ideas e opinións. Abandónaos e prepárate para que o real se asevere a si mesmo. Esta autoafirmación exprésase do mellor xeito coas palabras “eu son”. Nada máis ten esencia. Disto estás completamente seguro.

- I:** “Eu son”, por suposto, pero “eu sei” tamén. Eu sei que son isto e aquilo, o dono do corpo, en multitude de relacións con outros donos doutros corpos.
- M:** Iso son todo lembranzas traídas ao agora.
- I:** Só podo estar seguro do que é agora. Pasado e futuro, memoria e imaxinación, son estados mentais, pero son todo o que eu son, e son agora. Pídesme que os abandone. Como abandona un o agora?
- M:** Estás a moverte cara o futuro constantemente, tanto se che gusta coma se non.
- I:** Móvome do agora ao agora: non me movo en realidade. Todo o demais está a moverse, eu non.
- M:** Certo, pero a túa mente móvese. No agora ti es tanto o que se pode mover coma o inamovible. Ata agora tomácheste a ti mesmo polo móbil e pasaches por riba do inamovible. Dálle a volta á túa mente. Pasa por riba do que se move e atoparás que es a realidade sempre presente e inmutable, inexpresable, mais sólida coma a pedra.

- I:** Se isto está a acontecer agora, como é que non estou ao tanto?
- M:** Porque te aferras á idea de que non estás ao tanto. Abandona esa idea.
- I:** Iso non fai que me decate.
- M:** Agarda un intre; ti queres estar dos dous lados do muro ao mesmo tempo. Podes facelo, pero debes quitar o muro. Ou entende que o muro e os dous lados son un único espazo ao que non se lle poden aplicar ideas coma “isto” ou “aquilo”.
- I:** As analoxías non proban nada. A miña única queixa é esta: por que non vexo o que ti ves? Por que as túas ideas non soan reais aos meus oídos? Faime entender isto, o demais pode esperar. Ti es sabio e eu son parvo; ti ves, eu non. Onde e de que xeito atoparei eu a miña sabedoría?
- M:** Se sabes que es parvo, entón non es tan parvo!
- I:** Saber que estou enfermo non me vai curar, e saber que son estúpido non me vai facer sabio.
- M:** Para saber que estás enfermo, non deberías estar san primeiro?

I: Non tal. Seino por comparación. Se eu son cego de nacemento e ti me dis que coñeces as cousas sen necesidade de tocalas, cando eu debo tocalas para coñecelas, eu saberei que estou cego aínda que non comprenda o que significa ver. Do mesmo xeito eu sei que me falta algo cando ti dis cousas que non podo comprender. Dis unhas cousas maravillosas do meu ser; de acordo co que dis eu son eterno, omnipresente, omnisciente, absolutamente feliz, creador, preservador e destrutor de todo o que existe, a fonte de toda vida, o corazón do ser, señor e amante de todas as criaturas. Equiparame á Realidade Última, a fonte e a meta de todo o que existe. E eu fico abraiado, xa que sei que eu non son máis que un feixe de medos e desexos, unha burbulla de sufrimento, un refacho efémero de conciencia nun océano de escuridade.

M: Antes de que a dor existise, ti existías. Logo de que a dor se fora, ti permaneciches. A dor é transitoria, ti non.

I: Síntoo pero non vexo o que ti ves. Dende o día que nacín ata o día que morra a dor e o pracer tecerán o encaixe da miña vida. Do ser antes do meu nacemento e despois da miña morte eu non sei nada. Nin cho acepto nin cho discuto. Escolto o que dis pero non o *coñezo*.

M: Agora estás consciente, non é?

I: Non me preguntes sobre agora e despois, por favor. Só coñezo o que existe agora.

M: Iso está ben. Estás consciente, quedemos con iso por agora. Hai estados nos que non es consciente. Pódeslle chamar “ser inconsciente”.

I: Ser inconsciente?

M: Conciencia e inconsciencia sonche o mesmo neste caso. A existencia dáse na conciencia, a esencia é independente dela.

I: É baleiro? É silencio?

M: Por que especular? O feito de *ser* impregna e transcende a conciencia. A conciencia obxectiva é parte da conciencia pura, non está máis alá dela.

- I:** Como podes coñecer un estado puro de existencia que non é nin consciente nin inconsciente? O coñecemento dáse na conciencia unicamente. Pode que haxa un estado tal de ausencia da mente. Aparece entón a conciencia na forma do *observador*?
- M:** O *observador* só rexistra eventos. Na ausencia da mente incluso a sensación “eu son” se esvaece. Non hai “eu son”, sen a mente.
- I:** Sen a mente significa sen pensamentos. “Eu son”, como pensamento, esmorece. O “eu son”, como sensación de ser permanece.
- M:** Toda experiencia esmorece coa mente. Sen a mente non existe nin a experiencia nin o que experimenta.
- I:** Non permanece o *observador*?
- M:** O *observador* só rexistra a presenza ou ausencia de experiencia. Non é unha experiencia de seu, pero convértese nunha experiencia cando o pensamento “son o *observador*” xorde.
- I:** Todo o que sei é que unhas veces a mente traballa e outras deixa de traballar. Á experiencia do silencio eu chámolle suspensión da mente.

- M:** Chámalle silencio, ou vacío, ou suspensión, o feito é que os tres –o que experimenta, a experiencia, e o propio feito de experimentar–, deixan de estar. Na observación, na atención, na autoconciencia, o sentido de ser isto ou aquilo desaparece. O ser, sen identificación, permanece.
- I:** Como un estado inconsciente?
- M:** En referencia a calquera cousa é o seu oposto. Está tamén entre e alén opostos. Non é conciencia nin inconsciencia, nin está entre as dúas, nin máis alá. É por si mesmo, sen facer referencia a nada que poida ser chamado experiencia ou ausencia dela.
- I:** Que extraño! Falas del coma se fose unha experiencia.
- M:** Cando o penso, convértese nunha experiencia.
- I:** Como a luz visible que cando é interceptada por unha flor se converte en cor?
- M:** Si, pódello dicir así. Está na cor, mais non é a cor.
- I:** A mesma vella negación cuádrupla do Nagarjuna¹: nin isto nin aquilo, nin ambos os dous nin os

dous por separado. Creo que me está a quencer o miolo!

- M:** A túa dificultade xorde da idea de que a realidade é un estado consciente, un entre tantos. Tes tendencia a dicir: “Isto é real. Isto non é real. Isto é parte real, parte irreal”, como se a realidade fose un atributo ou calidade que se puidese dar en distintas medidas.
- I:** Déixame poñelo doutro xeito. Despois de todo a mente é un problema entanto está a sufrir. Un estado de dita permanente non dá lugar a preguntas. Dicimos que a conciencia é unha mestura de dor e pracer. Por que?
- M:** Toda conciencia é limitada e, xa que logo, padece. Na raíz da conciencia repousa o desexo, o degoro de experimentar.
- I:** Queres dicir que sen desexo non pode haber experiencia? E cal é a vantaxe de estar inconsciente? Se me teño que desfacer do pracer para liberarme da dor, mellor quedo cos dous.
- M:** Máis alá da dor e o pracer está a dita.

I: Dita inconsciente, de que serve?

M: Nin consciente nin inconsciente. Real.

I: Que tes contra a conciencia?

M: É unha molestia. Corpo significa molestia. Sensacións, desexos, pensamentos: todos son fardos. Toda conciencia é conflito.

I: A realidade é descrita coma ser verdadeiro, conciencia pura, dita infinita. Que ten que ver a dor con todo isto?

M: A dor e o pracer acontecen, porén a dor é o prezo do pracer; o pracer é a recompensa pola dor. Tamén na vida, de cote, gozas facendo dano e fas dano gozando. Saber que dor e pracer son un é paz.

I: Todo isto é moi interesante, sen dúbida, pero o meu obxectivo é máis simple. Quero máis pracer e menos dor na vida. Que debo facer?

M: Mentres haxa conciencia terá que haber dor e pracer. Está na natureza do “eu son”, da conciencia, o identificarse cos opostos.

I: De que me serve entón todo isto? Non é satisfactorio.

- M:** Quen es ti? Quen está insatisfeito?
- I:** Eu son “o tipo que sofre e que goza”.
- M:** Pracer e dor son os dous *ananda* (dita). Aquí estou eu, sentado en fronte túa, dicíndocho dende a miña experiencia inmediata e inmutable: a dor e o pracer son as subidas e baixadas das ondas do océano da dita. Nas profundidades está o auténtico Absoluto.
- I:** É a túa experiencia constante?
- M:** É atemporal e inmutable.
- I:** Todo o que eu coñezo é o desexo do pracer e o medo á dor.
- M:** Así é como te ves a ti mesmo. Deixa de facelo. Se non podes romper de vez cun hábito, considera o teu xeito familiar de pensar e observa a súa falsidade. Cuestionar o habitual é a tarefa da mente. O que a mente creou, ela o debe destruír. Ou asume que non existe o desexo fóra da mente, e queda fóra do xogo.
- I:** Sinceramente, desconfío deste explicar todo como creación da mente. A mente é só un ins-

trumento, coma o ollo é un instrumento. Podes dicir que a percepción é creación? Eu vexo o mundo a través da fiestra, non *na* fiestra. As cousas que dis casan entre elas porque teñen unha base común, pero eu non sei se esa base existe na realidade ou está só na mente. Só me podo facer unha imaxe mental. O que significan para ti, eu non o sei.

- M:** Mentres manteñas o punto de vista da mente, verasme na mente.
- I:** As palabras son tan inadecuadas para entenderse!
- M:** Sen as palabras, que queda por entender? A necesidade de comprender nace dun malentendido. O que eu digo é certo, pero para ti é só teoría. Como podes saber se é certo? escoita, recorda, pondera, visualiza, experimenta. Aplícao tamén á túa vida diaria. Ten paciencia comigo e, sobre todo, ten paciencia contigo, xa que es o teu único obstáculo. O camiño lévate, a través de ti, máis alá de ti mesmo. Mentres penses que só o particular é real, consciente e feliz, e rexeites a

realidade non-dual como algo imaxinado, como un concepto abstracto, verasme repartindo conceptos e abstraccións. Pero cando chegues a tocar o real no teu interior verás que estou a describir o que para ti é o máis íntimo e o máis querido.

NOTAS

¹ Mestre budista e filósofo que viviu entre o 150 e o 250 d.C. Entre as súas achegas ao desenvolvemento da Filosofía destacan a explicación do concepto de *sunyata* (vacío) no budismo, e a doutrina das dúas verdades, que explica a existencia de dúas “realidades”: a que se experimenta directamente e outra convencional que é a que se usa para explicar conceptos ou discutir calquera tema, incluído, por exemplo, o propio tema da realidade última.

O que vai e vén non ten esencia de seu

INTERLOCUTOR: Vin para estar contigo, máis que para escoitarte. Pouco se pode dicir en palabras, pódese transmitir moito máis en silencio.

MAHARAJ: Primeiro as palabras, logo o silencio. Un debe estar maduro para o silencio.

I: Podo vivir en silencio?

M: O traballo desinteresado leva ao silencio, xa que cando traballas desinteresadamente non precisas pedir axuda. Indiferente aos resultados estás disposto a traballar aínda cos medios máis precarios. Non che preocupa estar ben dotado ou equipado nin pides recoñecemento ou axuda. Tan só fas o preciso deixando éxito e fracaso nas

mans do descoñecido. Todo está causado por unha cantidade innumerable de factores dos que a túa entrega persoal é só un máis. Con todo é tal a maxia da mente e o corazón humanos que o máis improbable acontece cando a vontade e o amor se unen.

- I:** Que ten de malo pedir axuda cando o traballo paga a pena?
- M:** Que necesidade hai de pedila? Demostra debilidade e ansiedade. Ti segue a traballar e o universo enteiro traballará canda ti. Despois de todo a propia idea de estar a facer o correcto vénche do descoñecido. Déixao en mans do descoñecido no tocante aos resultados, tan só fai as accións precisas. Ti es un de tantos elos na longa cadea das causas. Todo acontece na mente basicamente. Cando traballas en algo, sempre disposto e de corazón, acontece, xa que é a función da mente facer que as cousas acontezan. En realidade nada falta e nada é necesario, todo traballo é superficial. Na profundidade reside a paz absoluta.

Todos o teus problemas xorden porque te defíniches e, xa que logo, limitácheste. Cando non pensas en ti mesmo coma sendo isto ou aquilo todo conflito remata. Calquera intento de facer algo cos teus problemas está destinado a fracasar, xa que o que foi causado polo desexo só pode ser desfeito na ausencia de desexo. Encerrácheste a ti mesmo no espazo e no tempo, encaixácheste na duración dunha vida e no volume dun corpo, creando así os innumerables conflitos da vida e da morte, da dor e do pracer, do medo e a esperanza. Non te podes desfacer dos problemas sen desfacer te das túas ilusións.

- I:** A persoa ten unhas limitacións por natureza.
- M:** Non existe a persoa. Só hai restricións e limitacións. A suma total delas define a persoa. Cres que te coñeces a ti mesmo cando coñeces *que* es, mais nunca sabes *quen* es. A persoa parece ser, como o espazo dentro da pota semella ter a forma, o volume e o cheiro da pota. Tes que ver que non es o que cres ser. Loita con todas

as túas forzas contra a idea de que es nomeable e describable. Non es tal. Négate a pensar en ti mesmo coma isto ou aquilo. Non hai outro xeito de saír da miseria que ti mesmo te creaches coa túa aceptación cega e sen investigación. A dor é unha chamada a facer preguntas, toda dor precisa ser investigada. Non sexas lacazán á hora de pensar.

- I:** A actividade é a esencia da realidade. Non hai virtude ningunha no non traballar. Xunto co pensar, algo máis haberá que facer.
- M:** Traballar no mundo é duro, absterse de todo traballo innecesario é máis duro aínda.
- I:** Tal e como eu son, todo isto semella imposible.
- M:** Que é o que sabes de ti mesmo? Só podes ser o que es en realidade; só podes aparentar o que non es. Nunca te moviches da perfección. Toda idea de mellora persoal é pura convención verbal. Así como o Sol non coñece a escuridade así o Ser descoñece o non-ser. É a mente a que coñecendo ao outro se converte no outro. Porén a

mente non é outra cousa que o Ser. É o Ser o que se converte no outro, no non-ser, e aínda así segue a ser el mesmo. Todo o demais é presunción. Así coma unha nube escurece o Sol sen afectalo de ningún xeito, así as presuncións escurecen a realidade sen destruíla. A propia idea de destruír a realidade é ridícula: o destrutor é sempre máis real que o destruído. A realidade é o destrutor último. Toda separación, todo alleamento e alienación é falso. Todo é un: esta é a solución definitiva de todo conflito.

- I:** Como é que a pesar de tanta instrución e tanta axuda non facemos progresos?
- M:** En tanto nos teñamos a nós mesmos por personalidades independentes, un lonxe do outro, non poderemos entender a realidade, que é basicamente impersoal. Primeiro debémonos coñecer como o *observador* nada máis, centros de observación atemporais e adimensionais, logo veremos o inmenso océano da observación pura, que é tanto como materia, e máis alá dos dous tamén.

I: Sendo o que sexa en realidade eu síntome, así e todo, como unha persoa pequena e separada, unha entre tantas.

M: Ese “ser unha persoa” débese á ilusión do espazo e do tempo; ti imaxinas que estás nun certo punto ocupando un certo volume; a túa personalidade débese á túa identificación co corpo. Os teus pensamentos e sentimentos existen sucesivamente, teñen a súa duración no tempo e fan que te vexas, por mor da memoria, cunha duración determinada. En realidade o espazo e o tempo existen en ti: ti non existes neles. Son maneiras de percibir, pero non son as únicas. O tempo e o espazo son como palabras escritas no papel: o papel é real, as palabras son só convención.

Cantos anos tes?

I: Corenta e oito!

M: Por que dis “corenta e oito”? Por que dis “estou aquí”? Hábitos mentais nados de presuncións. A mente crea o espazo e o tempo e toma as súas creacións como reais. Todo está aquí e

agora, pero non o vemos. En realidade todo está en min e pola miña causa. Non hai máis nada. A propia idea de “algo máis” é un desastre, unha desfeita.

I: Cal é a causa da personalización, da autolimitación no espazo e no tempo?

M: Aquilo que non existe non ten causa. Non existe iso de unha-persoa-separada. Aínda partindo do punto de vista empírico é obvio que todo é a causa de todo, que todo é como é porque o universo é como é.

I: Aínda así a personalidade debe ter unha causa.

M: Como chega a existir a personalidade? Pola memoria. Identificando o presente co pasado e proxectándoo no futuro. Pensa en ti mesmo coma algo transitorio, sen pasado nin futuro, e a túa personalidade disólvese.

I: Non permanece o “eu son”?

M: A palabra “permanecer” non ten sentido. “Eu son” é sempre novo. Non precisas lembralo para ser. De feito, antes de que poidas experimentar

calquera cousa ten que existir a sensación de ser. No presente o teu *ser* está mesturado co teu experimentar. Todo o que tes que facer é desenlear ese feito de *ser* do balbordo das experiencias. En canto coñeces o ser puro, sen asocialo a isto ou aquilo, serás quen de distinguilo entre experiencias e non te deixarás enganar por nomes e formas.

A autolimitación é a esencia da personalidade.

- I:** Como podo chegar a ser o universal?
- M:** Pero ti es o universal! Non necesitas –e non podes– chegar a ser o que xa es. Só deixa de imaxinar que es o particular. O que vai e vén non ten esencia de seu. Débelle a súa aparencia á realidade. Sabes que existe un mundo, pero sabe o mundo que existes tí? Todo coñecemento flúe de ti, coma todo ser e todo gozo. Decátate de que es a fonte eterna e acepta todo como propio. Esa aceptación é amor sincero.
- I:** Todo o que dis soa moi bonito, pero como fai un para convertelo nun xeito de vida?

- M:** Nunca deixaches a casa e preguntas polo camiño de volta ao fogar. Desfaite das ideas falsas, iso é todo. Colleitar ideas acertadas tampouco che levará a ningures. Só deixa de imaxinar cousas.
- I:** Non é unha cuestión de acadar logros senón de comprensión.
- M:** Non intentes comprender! Será abondo se non malinterpretas. Non te fíes da túa mente para que te libere. É a mente a que te ten atado. Vai máis alá dunha vez por todas.

O que non ten comezo non pode ter unha causa. Non é que ti soubeses o que es e logo o esqueceses. Cando chegas a saber xa non podes esquecer. A ignorancia non ten un comezo pero pode ter un fin. Pregunta quen é o ignorante, e a ignorancia disolverase coma un soño. O mundo está cheo de contradicións, de aí vén a túa procura de paz e harmonía. Non as vas a atopar no mundo porque o mundo é o fillo do caos. Para atopar orde debes buscar no teu interior. O mundo aparece cando naces nun corpo. Sen

corpo non hai mundo. Primeiro cuestiona se ti es o corpo. A comprensión do mundo virá logo.

- I:** O que dis é convincente, pero de que lle serve á persoa individual, que se sabe no mundo e pertencente a el?
- M:** Millóns de persoas comen pan, pero poucos saben de trigo. E só aqueles que saben de trigo poden mellorar o pan. Do mesmo xeito só aqueles que coñecen ao ser, que viron máis alá do mundo, poden mellorar o mundo. O valor destas persoas para os demais é inmenso xa que son a súa única esperanza de salvación. O que pertence ao mundo non pode salvar ao mundo; se realmente pretendes axudar ao mundo debes saír del.
- I:** Pero pode alguén saír do mundo?
- M:** Quen naceu primeiro, ti ou o mundo? Mentres lle deas o primeiro posto ao mundo estarás limitado por el; en canto te decates sen o menor aquel de dúbida de que o mundo existe en ti, e non ao revés, estarás fóra del. Por suposto o teu corpo fica no mundo, sendo do mundo, pero ti

xa non estás enfeitizado por el. Todos os libros din que antes de que o mundo fóra, o creador era. Quen coñece ao creador? Só aquel que era xa antes do creador, o teu verdadeiro ser, a fonte de todos os mundos e de todos os creadores.

- I:** Todo o que dis basease na asunción de que o mundo é a túa propia proxección. Admites que se trata do teu mundo subxectivo e persoal, o mundo que che chega a través dos teus sentidos e da túa mente. Estes mundos privados case nin se tocan, e xorden e fúndense no “eu son” que está no seu centro. Pero detrás destes mundos privados ten que haber un mundo obxectivo común do cal os mundos privados non son máis que sombras. Negas a existencia dun mundo tal, común a todos?
- M:** A realidade non é subxectiva nin obxectiva, nin mente nin materia, nin tempo nin espazo. Estas divisións precisan de alguén ao que aparecérensele, un centro consciente separado. Pero a realidade é todo e nada, é o conxunto e a exclusión, o

cheo e o baleiro, totalmente consistente, absolutamente paradoxal. Non podes falar dela, só podes perderte nela. Cando lle negas a realidade a algo, atopas unhas frangullas que non podes negar.

Falar de *jnana* é síntoma de ignorancia. É a mente a que se imaxina que non sabe e que logo dá en saber. A realidade non sabe nada destas reviravoltas. Incluso a idea de Deus como creador é falsa. Todo *é* porque eu *son*.

- I:** Como pode ser? Un neno nace no mundo, non o mundo no neno. O mundo é vello e o neno é novo.
- M:** O neno nace no teu mundo. Agora ben, naciches ti no teu mundo ou foi o mundo o que se che apareceu? Nacer significa crear un mundo ao teu redor, contigo como centro. Pero creácheste algunha vez a ti mesmo? Ou foi alguén o que te creou? Todos crean o seu propio mundo e logo viven nel, presos da súa propia ignorancia. Todo o que temos que facer é negarlle a realidade á nosa prisión.

- I:** Así como o estado de vixilia está latente como semente durante o sono, o mundo que o neno crea ao nacer existe antes do seu nacemento. Xunto a quen repousa esa semente?
- M:** Con aquel que observa o nacemento e a morte, pero non nace nin morre. El, unicamente, é a semente da creación e os seus refugallo. Non lle pidas á mente que confirme aquilo que está máis alá da mente. A experiencia directa é a única confirmación válida.

Sé indiferente á dor e ao pracer

INTERLOCUTOR: Son francés de nacemento e residencia, e levo dez anos practicando Yoga.

MAHARAJ: Logo de dez anos de traballo achegáches-te algo á túa meta?

I: Un chisquiño quizais. É un traballo duro, xa sabes!

M: O Ser está preto e o camiño é doado. Todo o que precisas é non facer nada.

I: Aínda así encontro a miña *sadhana* (práctica espiritual), moi difícil.

M: A túa *sadhana* é *ser*. O *facer* é algo que acontece. Fica alerta. Onde está a dificultade en lembrar que ti es? Ti es todo o tempo.

- I:** A sensación de ser está aí todo o tempo, sen dúbida, pero a capacidade de atención vese superada de cote por todo tipo de eventos mentais: emocións, imaxes, ideas. O sentido xenuíno de ser vese desprazado a miúdo.
- M:** Cal é o teu proceder para limpar a mente do innecesario? Cales son os teus medios, as túas ferramentas para purificar a mente?
- I:** Basicamente, o home ten medo. Ten medo de si mesmo o que máis. Síntome coma un home que carrega unha bomba que pode estoupar en calquera intre. Non pode rexeitala, non pode desfacerse dela. Está morto de medo e busca, desesperado, unha solución, que non pode atopar. Para min a liberación é desfacerse desta bomba. Non sei moito da bomba, só sei que vén dende a nenez. Síntome coma o neno asustado que berra apaixonadamente por non ser amado. O neno quere amor, e como non o recibe ten medo e está enfadado. Ás veces sinto que podería matar a alguén, ou a min mesmo. Este desexo é tan po-

deroso que teño medo constantemente. Non sei como desfacerme deste medo.

Hai unha gran diferenza entre a mente hindú e a europea. A mente hindú é simple en comparación; o europeo é un ser moito máis complexo. O hindú é basicamente “sáttvico”.¹ Non entende o desacougo europeo, a súa procura incansable daquilo que pensa que debe facer, o seu amplo coñecemento xeral.

- M:** A súa capacidade de razoar é tan grande que razoará sobre si mesmo ata a loucura! A súa autoafirmación débese á súa confianza na lóxica.
- I:** Pero pensar, razoar, é o estado normal da mente. A mente non pode deixar de traballar así polas boas.
- M:** Pode que sexa o estado habitual, pero non ten porque ser o estado normal. Un estado normal non pode ser doloroso, mentres que os hábitos levan, a miúdo, á dor crónica.
- I:** Se non é o estado normal ou natural da mente, como detelo entón? Ten que haber un xeito de

facer que a mente acougue. Cantas veces me teño dito: “Xa abonda, para por favor, xa estou farto deste repetir sentenzas unha e outra vez!” Pero a miña mente non para. Teño a sensación de que un pode parar por un intre, pero non durante moito tempo. Incluso aqueles aos que chaman “espirituais” usan trucos para manter a súa mente queda. Repiten fórmulas, cantan, rezan, respiran forte ou suavemente, reméxense, dan voltas, concéntrase, meditan na procura de transos, cultivan virtudes: traballan todo o tempo para poder deixar de traballar, deixar de buscar, deixar de se mover. Se non fose tan tráxico sería mesmo ridículo.

- M:** A mente existe en dúas formas: como auga e como mel. A auga vibra coa mínima perturbación, mentres que o mel, tanto ten como o aqueles, cedo volve á inmovilidade.
- I:** A mente é de natureza inqueda. Pode que a fagas acougar, pero non é tranquila de seu.
- M:** Pode que teñas febre crónica e esteas a tremer todo o tempo. Son os desexos e os medos os que

fan que a mente torne inqueda. Libre de emocións negativas é tranquila.

- I:** Non podes protexer ao neno das emocións negativas. Dende o nacemento sabe do medo e da dor. A fame é un mestre cruel e ensina odio e dependencia. O neno quere á nai porque o alimenta e ódiaa cando chega tarde coa comida. A nosa mente inconsciente está chea de conflitos que acaban aboiando no consciente. Vivimos sobre un volcán; estamos en continuo perigo. Estou de acordo en que estar na compañía de xente cunha mente tranquila ten un efecto calmante, pero en canto me afasto deles os vellos problemas volven. Por iso é polo que volto periodicamente á India, para buscar a compañía do meu *Guru*.
- M:** Ti pensas que vas e vés a través de varios estados e disposicións. Eu vexo as cousas como son, acontecementos transitorios aparecendo en rápida sucesión, tirando o seu ser de min, mais sen ser de ningún xeito *eu* ou *meu*. Eu non son un fenómeno entre outros nin estou suxeito a eles.

Son tan simple e totalmente independente que a túa mente, afeita á oposición e á negación, non pode comprender o que son. Dígoo literalmente: non preciso oposición ou negación xa que para min é obvio que non podo ser o oposto ou a negación de nada. Estou máis alá, nunha dimensión completamente distinta. Non me busques por identificación ou oposición a algo: eu estou onde o desexo e o medo deixaron de ser. Agora ben, cal é a túa experiencia? Sentes ti tamén que ficas aparte de todas as cousas temporais?

- I: Si... ás veces. Pero de súpeto un sentimento de medo aparece, síntome só, fóra de toda relación cos outros. Aquí reside a diferenza entre as nosas mentalidades. Co hindú a emoción segue ao pensamento: dálle unha idea a un hindú e as súas emocións agromarán. Cos occidentais é ao revés: dálle unha emoción e producirán unha idea. As vosas ideas son moi atractivas intelectualmente, pero a nivel emocional non atopan resposta en min.

M: Deixa o teu intelecto a un lado. Non o uses nestes asuntos.

I: De que me serve un consello que non podo seguir? Isto non son máis que ideas e ti pretendes que responda emocionalmente a ideas, xa que sen sentimentos non hai acción posible.

M: Por que falas de acción? Actúas algunha vez? Algún poder descoñecido actúa e ti imaxinas que es ti quen actúa. Ti só estás a ver o que acontece, non podes influír de ningún xeito.

I: Por que existe en min esta terrible resistencia a admitir que podo estar sen facer nada?

M: Que pensas que poderías facer? Es coma un paciente anestesiado ao cal o cirurxián está a operar. Cando acordes a operación xa estará rematada; podes dicir que fixeches algo?

I: Pero fun eu quen decidiu someterse á operación.

M: De certo que non. Foi a túa enfermidade por unha banda e a presión do teu médico e da túa familia pola outra os que che fixeron decidir. Non tes elección, só a ilusión de tela.

I: Aínda así eu non penso que estea tan desamparado como dis. Sinto que podoo facer calquera cousa que poida imaxinar, só que non sei como. Non é poder o que me falta, senón coñecemento.

M: Descoñecer os medios é, de feito, tan malo como non ter o poder! Pero deixemos esta cuestión por un intre; despois de todo non ten importancia o feito de que nos sintamos impotentes mentres sexamos quen de ver que, neste intre, carecemos dese poder.

Eu teño 74 anos agora e, con todo, síntome coma un neno. Podoo sentir claramente que malia todos os cambios son un neno. O meu *Guru* díxome: aquel neno, que es ti incluso agora, é o teu verdadeiro ser (*swarupa*). Volta ao estado do puro *ser*, onde o “eu son” aínda é puro, antes de ter sido contaminado polo “eu son isto”, ou o “eu son aquilo”. O teu fardo é o das falsas identificacións: abandónaaas todas. O meu *Guru* díxome: “Confía en min. Enténdeo: ti es divino.

Toma isto como unha verdade absoluta. O teu gozo é divino, o teu sufrimento é divino. Todo vén de Deus. Lémbralo sempre. Ti es Deus: só a túa vontade se cumpre”. Eu crin nel, e ben cedo me decatei do maravillosas e certeiras que eran as súas palabras. Non condicionei a miña mente dicindo: “Son Deus, son maravilloso, estou alén”. Sinxelamente seguín as súas instrucións que consistían en concentrarme no puro “ser eu” e ficar aí. Adoitaba sentar horas decontino con nada na miña mente agás o “eu son”; e cedo a paz e o gozo e un profundo amor incondicional pasaron a ser o meu estado normal. Todo desapareceu: eu, o meu *Guru*, a vida que vivía, o mundo ao meu redor. Só ficaron a paz e o silencio abranguendo todo.

I: Todo semella moi simple e doado, pero non é así. Ás veces o maravilloso estado de paz gozosa xorde en min, entón ollo para el e digo: que doadamente vén e que íntimo semella, que absolutamente meu! A que vén tanto loitar por un

estado que está tan á man? Desta volta, seguro, veu para quedar. E aínda así vaise de súpeto e déixame matinando: foi o sabor da realidade ou foi máis ben outra aberración? Se era real, por que marchou? Quizais algunha experiencia singular é precisa para deixarme para sempre nese novo estado e, ata que esa experiencia chegue, este xogar ás agachadas debe continuar.

M: A túa espera de algo singular e dramático, dalgunha explosión marabillosa, non fai máis que demorar e atrasar a túa autorrealización. Non debes esperar unha explosión, porque a explosión xa aconteceu no momento en que naciches, cando te realizaches coma ser-coñecer-sentir. Só estás a cometer un erro: tomas o de dentro polo de fóra e o de fóra polo de dentro. O que está en ti pensas que está fóra, e o que está fóra pensas que está dentro. A mente e os sentimentos son externos, pero pensas que son algo íntimo. Tomas ao mundo por algo obxectivo, cando é por completo unha creación do teu maxín. Esa é a

confusión básica e ningunha nova explosión vai arranxar isto. Teste que ver fóra diso. Non hai outro xeito.

- I:** Como me vou ver fóra cando os meus pensamentos van e veñen cando lles peta. O seu latricar distráeme, déixame exhausto.
- M:** Observa os teus pensamentos coma quen observa o tráfico da rúa. A xente vai e vén; ti rexístralos sen resposta. Pode non ser fácil ao comezo, mais cun pouco de práctica decatáste de que a túa mente pode traballar a moitos niveis ao mesmo tempo, e ti podes estar atento a todos eles. É só cando ti tes un interese particular a un certo nivel que a túa atención fica ensarillada aló e desaparece dos outros niveis. Con todo, o traballo nos niveis desaparecidos continúa, fóra do campo da conciencia. Non pelexes coas túas lembranzas e cos teus pensamentos; trata só de incluír no teu campo de atención aquelas outras preguntas máis importantes, “Quen son eu?”, “Como cheguei a nacer?”, “Que é este universo que me

rodea?”, “Que é real, e que é transitorio?”. Ningún recordo persistirá se perdes interese nel: é a ligazón emocional a que perpetúa a atadura. Estás sempre a procurar pracer e a evitar a dor, buscando sempre paz e felicidade. Non te das conta que a propia busca da felicidade é a que che fai sentir miserable. Inténtao do outro xeito: indiferente á dor e ao pracer, sen pedir nin rexeitar, pon toda a túa atención no nivel no que o “eu son” está sempre presente. Darás en decatarte de que a paz e a felicidade constitúen a túa propia natureza, e é só a procura delas a través de certos canais o que che está a amolar. Evita esa molestia, iso é todo. Non hai necesidade de buscar; non buscarías o que xa tes. Ti es Deus, a Realidade Suprema. Para comezar confía en min, confía no mestre. Iso permitirache dar o primeiro paso, e logo a túa confianza virá xustificada pola túa propia experiencia. En cada camiño da vida a confianza inicial é fundamental: sen ela pouco podes facer. Cada empresa é un acto de fe. Incluso o

pan de cada día o comes grazas á fe! Lembrando o que che digo acadarás todo. Dígocho de novo: ti es a realidade que todo o abrangue e todo o transcende. Actúa en consecuencia: pensa, sente e actúa en harmonía co todo, e a experiencia tanxible do que che estou a dicir xurdirá en ben pouco tempo. Non se precisa esforzo. Ten fe e actúa en consecuencia. E por favor entende que eu non quero nada de ti. É no teu propio interese que eu falo, xa que, sobre todas as cousas, ti ámaste a ti mesmo e queres estar seguro e feliz. Non te avergoñes disto, non o negues. É bo e natural quererse a un mesmo; é tan só que debes saber que é iso que amas exactamente. Non é o corpo o que amas, é a Vida: percibir, sentir, pensar, facer, amar, esforzarse, crear. Esa é a Vida que amas, que es ti, que é todo. Chega ao final, alén de limitacións e divisións, e todos os teus desexos se fundirán niso, xa que o grande contén ao pequeno. Así pois teste que atopar porque encontrándote encontrarás todo.

Todo o mundo está feliz de existir pero poucos coñecen a plenitude. Chegarás a sabelo facendo permanecer a túa mente no “eu son”, “eu sei”, “eu amo”, co degoro de chegar ao máis profundo significado destas palabras.

- I:** Podo pensar “eu son Deus”?
- M:** Non te identifiques cunha idea. Se con Deus queres dicir o Descoñecido, entón simplemente di: “non sei o que son”. Se coñeces a Deus como te coñeces a ti mesmo non precisas dicilo. Mellor é a simple sensación “eu son”. Mora nela con paciencia. Aquí a paciencia é sabedoría: non penses no fracaso. Non pode haber fracaso nesta empresa.
- I:** Os meus pensamentos non me han deixar.
- M:** Non prestes atención. Non te enfrontes a eles. Non fagas nada con eles, déixaos estar sexan como sexan. O teu enfrontarte a eles dálles vida. Ignóraos. Mira a través deles. Nunca te esquezas de lembrar: “O que acontece acontece porque eu son”. Todo che recorda que ti es. Tira pro-

veito do feito de que para experimentar, primeiro debes ser. Deixa de prestar atención. É o desinterese o que libera. Non te aferres a nada, iso é todo. O mundo está feito de aros e ti levas os ganchos que se prenden neles. Endereita os ganchos e nada te freará. Abandona as túas adicións. Non hai nada máis que debas abandonar. Remata coa túa rutina de adquirir cousas, co teu hábito de agardar resultados, e a liberdade universal será túa. Non fagas ningún esforzo.

- I:** A vida é esforzo. Hai moitas cousas que facer.
- M:** O que precisas facer, faino. Non poñas resistencia. O teu equilibrio debe ser dinámico, consistente en facer só o necesario, dun intre a outro. Non sexas un neno que se nega a medrar. Xestos e actitudes estereotipadas non che van a axudar. Confía por completo na túa claridade de pensamento, na pureza das túas motivacións e na integridade das túas accións. Non podes errar. Vai máis alá e deixa todo atrás.
- I:** Pode algo ser abandonado definitivamente?

M: Estás a buscar algo así coma unha éxtase permanente. As éxtases veñen e van necesariamente xa que a mente humana non pode resistir a tensión por moito tempo. Unha éxtase prolongada queimaríache os miolos, non sendo que sexa moi lene e pura. Na natureza nada permanece inmóbil, todo ten pulso, todo aparece e desaparece. Corazón, alento, dixestión, sono e vixilia, nacemento e morte: todo vai e vén en ondas. Ritmo, periodicidade: a alternancia harmónica dos extremos é a regra. Non ten sentido revelarse contra o propio patrón da vida. Se buscas o Inmutable vai máis alá da experiencia. Cando che digo: lembra sempre “eu son” constantemente, o que quero dicir é “volve sempre que poidas”. Ningún pensamento particular pode ser o estado natural da mente, só o silencio. Non a idea do silencio, senón o propio silencio. Cando a mente está no seu estado natural volve ao silencio espontaneamente logo de cada experiencia ou, mellor dito, cada experiencia acontece sobre o fondo dese silencio.

O que aprendiches aquí converterase nunha semente. Pode que o esquezas –aparentemente–, pero vivirá, e ao seu debido tempo agromará e medrará, e dará flores e froitos. Todo acontecerá por si mesmo. Ti non tes que facer nada, sinxelamente non trates de evitalo.

NOTAS

¹ Equilibrado (de *sattva*, equilibrio).

Abandona todo e gañarás todo

INTERLOCUTOR: Como definirías o teu estado presente?

MAHARAJ: Un estado de non-experimentar. Nel toda experiencia está incluída.

I: Podes entrar na mente e no corazón doutra persoa e compartir a súa experiencia?

M: Non. Ese tipo de cousas requiren adestramento especial. Eu son coma un tratante de trigo. Seiche ben pouco de pans e biscoitos. Pode que nin sequera coñeza o sabor das papas de trigo. Pero sobre o gran de trigo coñézoo todo e coñézoo ben. Coñezo a fonte de toda experiencia, pero das innumerables formas particulares que a experiencia pode tomar non che sei. Tampouco preciso saber.

Dun intre para outro o pouco que preciso para vivir a miña vida, dalgún xeito, dou en sabelo.

- I:** A túa experiencia particular e a miña, existen as dúas na mente de *Brahma*?
- M:** O universal non está ao tanto do particular. A existencia como persoa é unha cuestión persoal. Unha persoa existe no espazo e no tempo, ten nome e forma, comezo e fin; o universal inclúe a todas as persoas, e o Absoluto está na raíz e alén de todas.
- I:** Non me interesa a totalidade. A miña conciencia persoal e a túa: cal é o vencello entre as dúas?
- M:** Cal pode ser o vencello entre dous soñadores?
- I:** Poden soñar un co outro.
- M:** Iso é o que fai a xente. Todo o mundo imaxina “outros” e anda á procura dun vencello común. O buscador é o vencello, non hai outro.
- I:** Pero ten que haber algo en común entre todos os puntos de conciencia que somos.
- M:** Onde están eses puntos? Na túa mente. Insistes en que o teu mundo é independente da túa mente. Como podería ser? O teu desexo de coñecer

a mente doutras persoas é debido a que non coñeces a túa propia. Primeiro coñece a túa mente e verás que as preguntas sobre as outras persoas non xorden, porque non hai outras persoas. Ti es o factor común, o único elo entre as mentes. Ser é conciencia; “eu son” é aplicable a todo.

- I:** Pode que a Realidade Suprema (*Parabrahman*), estea presente en todos nós. Pero de que nos serve?
- M:** É como se dixeras: “Preciso dun sitio para gardar as miñas cousas, pero de que me serve o espazo?”, ou “Faima falla leite, té, café ou soda, pero a auga non me serve para nada”. Non ves que é a Realidade Suprema a que fai posible todas as cousas? Porén se preguntas de que che serve, eu teño que responder: “de nada”. En cuestións diarias o coñecedor do real non ten vantaxe: mesmo podería estar en desvantaxe; libre de cobiza e de medo non se protexe a si mesmo. A propia idea da obtención dun beneficio é allea a el, renega da acumulación, a súa

vida é un constante despoixarse de si mesmo, dar, compartir.

- I:** Se non hai vantaxe en acadar o Supremo, para que molestarse?
- M:** A molestia existe en canto te aferras a algo. Se non te aferras a nada, ningún problema xorde. Abandonar o inferior é gañar o superior. Abandona todo e gañarás todo. A vida convértese entón no que debería ser: emanación pura dunha fonte inesgotable. Baixo esa luz o mundo aparece esvaecido, coma nun soño.
- I:** Se o meu mundo é un soño e ti es parte del, que podes facer por min? Se o soño non é real, non ten esencia, como pode a realidade afectarlle?
- M:** Mentres dura, o soño ten esencia temporal. É o teu desexo de aferrarte a el o que crea o problema. Deixa de imaxinar que é o teu soño.
- I:** Parece que das por feito que pode haber soño sen soñador e que eu me identifico co soño da miña vontade. Pero eu son o soñador e tamén o soño. Quen ten que deixar de soñar?

- M:** Deixa que o soño continúe ata a súa fin. Non podes evitalo. Pero podes ver o soño como o soño que é, negarlle a impronta de realidade.
- I:** Aquí estou eu, sentado en fronte túa. Eu estou a soñar e ti ollas como falo no meu soño. Cal é o vínculo entre nós?
- M:** A miña intención de facerte acordar é o vínculo. O meu corazón quere que espertes. Véxote sofrer no teu soño e sei que debes acordar para rematar coas túas preocupacións. Cando ves o teu soño como un soño, acordas, pero no tocante ao teu soño en particular eu non estou interesado. Abóndame con saber que debes acordar. Non tes que levar o teu soño ao seu remate, ou ennobrece-lo, ou facelo feliz ou fermoso; todo o que tes que facer é decatarte de que estas a soñar. Deixa de imaxinar, deixa de crer. Olla as contradicións, as incongruencias, a falsidade e a miseria da condición humana, a necesidade de ir máis alá. Na inmensidade do espazo flota un pequeno átomo de conciencia, e nel está contido o universo enteiro.

- I:** Hai afectos no soño que semellan reais e eternos. Desaparecen cando espertamos?
- M:** Cando soñas queres a algúns e a outros non. Cando acordas ves que ti es o propio amor, abrazando a todos. O amor persoal, por moi intenso e xenuíno que sexa, sempre ata; amar en liberdade é amar todo.
- I:** A xente vai e vén. Un ama a quen atopa, non se pode amar a todos.
- M:** Cando ti es o propio amor estás máis alá do tempo e dos números. Amando a un amas a todos, amando a todos amas a cada un. “Un” e “todo” non son excluíntes.
- I:** Dis que moras nun estado atemporal. Significa iso que o pasado e o futuro están abertos para ti? Coñeciches a Vashishta Muni, o *Guru* de Rama¹?
- M:** A cuestión está feita no tempo e refírese a un feito no tempo. Unha vez máis estasma a preguntar sobre os contidos dun soño. O atemporal está máis alá da ilusión do tempo, non é unha extensión no tempo. Aquel que se facía chamar Vashishta

- coñecía a Vashishta. Eu estou máis alá de nomes e formas. Vashishta é un soño no teu soño. Como podería eu coñecelo? Estás demasiado preocupado polo pasado e o futuro. Todo se debe ao teu desexo de permanecer, de protexerte da extinción, e como queira que desexes continuar, queres a outros que desexen a túa compañía, velaí o teu interese na súa supervivencia. Pero o que ti chamas supervivencia non é máis que a supervivencia dun soño. A morte é preferible a iso. Cando menos hai unha oportunidade de espertar.
- I:** Sabes que existe a eternidade e, xa que logo, non che preocupa a supervivencia.
- M:** É xusto ao contrario. Liberarse dos desexos é a eternidade. Todo apego implica medo, xa que todas as cousas son efémeras. O medo convértete nun escravo. Este librarse dos apegos non se acada coa práctica, vén naturalmente cando un coñece o seu verdadeiro Ser. O amor non se aferra, aferrarse non é amar.
- I:** Entón non hai xeito de gañar desapego?

- M:** Non hai nada que gañar. Abandona toda imaxinación e coñécete como realmente es. O autoconhecimento é desapego. Todo devezos vén provocado por un sentimento de carencia. Cando sabes que non che falta nada, que todo o que existe es ti e é teu, o desexo morre.
- I:** Para coñecerme a min mesmo debo practicar a *observación*?
- M:** Non hai nada que practicar. Para coñecerte a ti mesmo, sé ti mesmo. Para ser ti mesmo deixa de imaxinar que es isto ou aquilo. Tan só sé. Deixa xurdir a túa verdadeira natureza. Non molestes á túa mente con procuras.
- I:** Vai levar unha chea de tempo se simplemente agardo pola autorrealización.
- M:** Que cousa deberías agardar cando xa é aquí e agora? Só tes que mirar e ver. Mírate, mira o teu ser. Ti sabes que es, e gústache. Abandona toda imaxinación, iso é todo. Non te fíes do tempo. O tempo é morte. O que agarda morre. A vida é só *agora*. Non me fales de pasado e futuro: só existen na túa mente.

- I:** Ti tamén has morrer.
- M:** Eu estou morto xa. Tanto ten a morte física no meu caso. Eu son ser atemporal. Estou libre de medo e desexo porque non lembro o pasado nin imaxino o futuro. Onde non hai nomes nin formas, como pode haber medo e desexo? Coa ausencia do desexo vén a ausencia do tempo. Estou a salvo porque o que non existe non pode sequera tocar o que existe. Sentes inseguridade porque imaxinas perigos. Por suposto o teu corpo, como tal, é complexo e vulnerable, e precisa protección, pero ti non. Cando te decates de que es invencible estarás en paz.
- I:** Como podo eu estar en paz cando o mundo está a sofrer?
- M:** O mundo sofre por unha moi boa causa. Se o que queres é axudar ao mundo, primeiro deberías estar ti mesmo fóra da necesidade de axuda. Entón todo o teu facer e o teu non-facer irá na axuda do mundo, da forma máis efectiva.
- I:** Como pode a inacción ser útil cando o que se precisa é facer algo?

Unha mente tranquila é todo o que precisas

INTERLOCUTOR: Non me sinto ben. Síntome máis ben feble. Que debo facer?

MAHARAJ: Quen non está ben, ti ou o corpo?

I: O corpo, por suposto.

M: Estabas ledo cando o corpo estaba ben e estás triste cando o corpo está mal. Quen está alegre un día e triste ao día seguinte?

I: A mente.

M: E quen coñece esa mente voluble?

I: A mente.

M: A mente é o coñecedor. Quen coñece ao coñecedor?

I: Non se coñece o coñecedor a si mesmo?

- M:** A mente é descontinua. Fica en branco unha e outra vez, no sono por exemplo, nun esvaeceamento ou por mor dunha distracción. Ten que existir algo continuo para rexistrar a descontinuidade.
- I:** A mente lembra. Niso se basea a continuidade.
- M:** A memoria é sempre parcial, evanescente e de pouco fiar. Non explica a forte sensación de identidade que impregna a conciencia, a sensación “eu son”. Atopa a súa raíz.
- I:** Por máis que dou en mirar só atopo a mente. As túas palabras “máis alá da mente” non me dan pista ningunha.
- M:** Mentres mires coa mente non poderás ir alén dela. Para ir máis alá debes apartar a mirada da mente e do seu contido.
- I:** En que dirección debo mirar?
- M:** Todas as direccións están na mente! Non che estou pedindo que mires nunha dirección concreta. Aparta a ollada de todo o que acontece na túa mente e lévaa á sensación “eu son”. O “eu

son” non é unha dirección, é a negación de toda dirección. Ao final incluso o “eu son” ten que desaparecer xa que non precisas insistir no que é obvio. Levar a mente á sensación “eu son” simplemente axuda a apartar a ollada de todo o demais.

- I:** A onde me leva todo isto?
- M:** Cando se mantén a mente separada das súas preocupacións, esta acouga. Entanto non interrompas ese silencio e poidas ficar nel, encontrarás que está impregnado dunha luz e dun amor como nunca coñeciches; porén recoñeceralo de primeiras coma a túa verdadeira natureza. Unha vez que pases por esta experiencia nunca volverás ser o mesmo. A mente rebelde pode romper a paz e entorpecer a súa visión, pero esta volverá sempre e cando manteñas o esforzo, ata o día no que rompas todas as túas ataduras e rematen as túas ilusións e apegos e a vida se concentre con forza no presente.
- I:** Que vai cambiar iso?

- M:** A mente deixa de existir. Só queda amor en acción.
- I:** Como reconecerei este estado cando o acade?
- M:** O medo desaparecerá.
- I:** Rodeado por un mundo cheo de misterios e perigos como podo manterme impertérito?
- M:** O teu pequeno corpo está cheo de misterios e perigos, e aínda así non lles tes medo, porque os ves como propios. O que non sabes é que o universo enteiro é o teu corpo e non hai porque terlle medo. Podemos dicir que tes dous corpos: o persoal e o universal. O persoal vén e vai, o universal está sempre contigo. A creación enteira é o teu corpo universal: estás tan cegado co que é persoal que non es quen de ver o universal. A cegueira non rematará por si mesma: ten que ser destruída con tino e a mantenta. Cando todas as ilusións son comprendidas e abandonadas, acadas o estado perfecto e libre-de-erro no que toda distinción entre o persoal e o universal deixa de existir.
- I:** Son unha persoa e, xa que logo, estou limitado no espazo e no tempo. Ocupo un pequeno espa-

zo e non vivo por moito tempo: non podo nin sequer imaxinar que sexa eterno e omnipresente.

- M:** Así e todo, ti *es*. En canto te mergulles máis e máis profundamente no teu ser na procura da túa verdadeira natureza descubrirás que é só o teu corpo o que é pequeno e só a túa memoria a que é breve: o vasto océano da vida é teu.
- I:** As propias palabras “eu” e “universal” son contradictorias. Exclúense mutuamente.
- M:** Non é certo. O sentimento de identidade impregna o universal. Busca e atoparás a Persoa Universal, que es ti mesmo, e infinitamente máis.
- De todos xeitos comeza por decatarte de que o mundo vive en ti, non ti no mundo.
- I:** Como pode ser? Eu son só unha parte do mundo. Como pode o mundo enteiro estar contido na parte, non sendo como reflexo, coma nun espello?
- M:** O que dis é certo. O teu corpo persoal é unha parte na que o todo está marabillosamente reflectido. Pero tes tamén un corpo universal. Nin

sequera podes dicir que non o coñeces porque estás a velo e percibilo decontino. O caso é que lle chamas “o mundo” e tes medo del.

- I:** Penso que coñezo o meu pequeno corpo, mentres que o outro descoñézo excepto a través da ciencia.
- M:** O teu pequeno corpo está cheo de misterios e marabillas que non coñeces. Nese terreo tamén é a ciencia a túa única guía: estás definido pola Anatomía e a Astronomía.
- I:** Aínda que aceptase a doutrina do corpo universal como válida, de que xeito podo probala e de que me ía servir?
- M:** Sabendo que moras en ambos os dous corpos non rexeitarás nada. O universo enteiro será asunto do teu interese; amarás a cada cousa viva e axudarala do xeito máis sabio e máis doce. Non haberá conflitos de intereses entre ti e máis os outros. Toda explotación rematará. Cada unha das túas accións será beneficiosa, cada xesto unha beizón.

- I:** Todo iso semella moi tentador pero como fago eu para realizarme nese meu ser universal?
- M:** Tes dous xeitos: podes poñer todo o teu corazón e a túa mente ao servizo da auto-descuberta ou ben podes aceptar as miñas palabras e actuar en consecuencia. Tamén o podes dicir doutro xeito: ou ben te volves totalmente interesado en ti mesmo ou ben te volves totalmente desinteresado. É a palabra “totalmente” a que importa. Tes que ser extremo para acadar o Supremo.
- I:** Como podo eu aspirar a semellante alturas, pequeno e limitado como son?
- M:** Tes que chegar a ser o océano da conciencia no que todo acontece. Non é difícil. Un pouco de atención, un pouco de atenta observación dun mesmo, e verás que ningún acontecemento se dá fóra da túa conciencia.
- I:** O mundo está cheo de acontecementos que suceden fóra da miña conciencia.
- M:** Incluso o teu corpo está cheo de acontecementos que non aparecen na túa conciencia. Iso non

che impide reclamar o teu corpo como teu. Coñeces o mundo igual que coñeces o teu corpo: a través dos teus sentidos. Foi a túa mente a que separou o mundo de fóra da túa pel e o mundo de dentro e logo os confrontou. Isto creou medo, creou odio e as miserias todas da vida.

- I:** O que non acabo de entender é iso que dis de ir máis alá da conciencia. Entendo as palabras pero non podo visualizar a experiencia. Despois de todo ti mesmo tes dito que toda experiencia se dá na conciencia.
- M:** Tes razón, non pode haber experiencia máis alá da conciencia. Con todo, existe a experiencia do mesmo *ser*. Hai un estado alén da conciencia que non é inconsciente. Algúns chámanlle súper-conciencia, conciencia pura ou conciencia suprema. É atención pura, libre da relación suxeito-objecto.
- I:** Estudei teosofía¹ e non atopo nada familiar no que dis. Admito que a teosofía traballa soamente coa manifestación. Describe o universo e os

seus poboadores con gran detalle, admite moitos niveis dentro da materia e cadanseu nivel de experiencia, pero non vai máis alá. O que ti dis vai máis alá de toda experiencia. Se non pode ser experimentado, para que falar sequera diso?

- M:** A conciencia é intermitente, chea de baleiros, con todo hai unha continuidade da identidade. A que se debe esta sensación de identidade senón a algo máis alá da conciencia?
- I:** Se eu estou máis alá da mente, como podo cambiarme a min mesmo?
- M:** Para que vas cambiar nada? A mente cambia constantemente de todos xeitos. Observa a túa mente sen paixón: isto é abondo para calmala. Cando está acougada podes ir máis alá. Non a manteñas ocupada todo o tempo. Detena e simplemente *sé*. Se lle dás un respiro acougará e recuperará a súa forza e a súa pureza. Pensar constantemente provocará a súa decadencia.
- I:** Se o meu verdadeiro ser está sempre comigo, como é que o descoñezo?

M: Por que é moi sutil e a túa mente é moi basta, chea de pensamentos e sensacións bastos. Calma e aclara a túa mente e coñeceraste a ti mesmo como realmente es.

I: Preciso da mente para coñecer o que son?

M: Ti estás máis alá da mente, pero coñeces coa mente. É obvio que a extensión, profundidade e calidade do coñecemento depende da ferramenta que utilices. Mellora a túa ferramenta e o coñecemento mellorará.

I: Para coñecer a perfección preciso dunha mente perfecta.

M: Unha mente tranquila é todo o que precisas. O demais sucederá do xeito correcto cando a túa mente estea calma. Igual que o Sol ao amencer reactiva o mundo, así a auto-observación produce cambios na mente. Baixo a luz dunha observación calma e firme as enerxías internas espertan e fan milagres sen o menor esforzo pola túa banda.

I: Pretendes dicir que o traballo máis importante se fai deixando de traballar?

M: Exactamente. Tes que entender que estás destinado á iluminación. Co-opera co teu destino, non te enfrontes a el, non pretendas evitalo. Déixao que se cumpra. Todo o que tes que facer é ter conta dos obstáculos que creou a mente estúpida.

NOTAS

¹ Práctica filosófico-relixiosa desenvolvida por Annie Besant e C.W. Leadbeater, inspirada na Filosofía Hindú e en tradicións esotéricas occidentais e orientais, cun carácter sincrético. Moi polémica durante moito tempo, tivo unha fonda influencia en Europa a principios do século xx.

A transitoriedade é a mellor proba da irrealidade

INTERLOCUTOR: O meu amigo é alemán e eu nacín en Inglaterra, fillo de franceses. Levo na India dende vai para máis dun ano indo de *Ashram* en *Ashram*.

MAHARAJ: Algunha práctica espiritual (*sadhana*)?

I: Estudos e meditación.

M: Sobre que meditabas?

I: Meditaba sobre o que lía.

M: Moi ben.

I: Que fai vostede, señor?

M: Estou aquí, sentado.

I: E que máis?

M: Falo.

I: De que fala?

M: Queres unha lección? Mellor pregunta por algo que realmente che afecte, sobre o que teñas verdadeiro interese. Se non estás involucrado emocionalmente podes debater comigo, pero nunca haberá un auténtico entendemento entre nós. Se dis: “Nada me preocupa, non teño problemas”, por min está ben, podemos permanecer en silencio. Pero se hai algo que realmente che afecte teremos un motivo para falar.

Pódoche preguntar cal é o motivo de que andes a dar voltas dun sitio para outro?

I: Para coñecer xente, para intentar comprendelos.

M: Que tipo de xente queres entender? Que é o que buscas exactamente?

I: Integración.

M: Se queres integración deberías coñecer a aquel ao que queres integrar.

I: Coñecendo xente e observándoa un dá en coñecerse a un mesmo. Vai todo xunto.

M: Non vai necesariamente xunto.

I: Unha cousa mellora á outra.

M: Non funciona así. O espello reflicte a imaxe, pero a imaxe non mellora ao espello. Ti non es nin o espello nin a imaxe no espello. Cando teñas perfeccionado o espello para que reflicta correctamente, fielmente, podes darlle a volta e ver nel un verdadeiro reflexo de ti mesmo: verdadeiro ata onde o espello é quen de reflectir. Mais o reflexo non es ti: ti es o que ve o reflexo. Enténdeo ben: tanto ten o que chegues a percibir, ti non es o percibido.

I: Eu son o espello e o mundo é a imaxe?

M: Ti podes ver tanto a imaxe coma o espello. Non es ningún. Que es ti? Non uses fórmulas preestablecidas. A resposta non existe en palabras. O máis preto que podes chegar a dicir con palabras é: eu son o que fai a percepción posible, a vida alén do que experimenta e da súa experiencia.

Agora ben: podes tomar distancia do espello e da imaxe que hai nel e ficar só, completamente só?

- I:** Non, non podo.
- M:** Como sabes que non podes? Hai moitas cousas que fas sen saber como. Fas a dixestión, moves o teu sangue e os teus fluídos, moves os teus músculos: todo sen saber como. Ti percibes, sentes e pensas sen saber como nin porqué. Do mesmo xeito ti es ti sen sabelo. Non hai ningún problema en ti na faceta do Ser: é a perfección. É o espello o que non está limpo nin é sincero e, xa que logo, amósache imaxes falsas. Non precisas corrixirte, só axeitar a idea que tes de ti mesmo. Aprende a afastarte da imaxe e do espello, lembra sempre: eu non son a mente nin as súas ideas. Faino con paciencia e convicción e acadarás, con toda seguridade, a visión de ti mesmo como a fonte do ser-coñecer-amar, o eterno, omnipresente, o que todo o abrangue. Ti es o infinito concentrado nun corpo. Agora só ves o espello. Inténtao con convicción e chegarás a ver só o infinito.
- I:** Cando acadas a experiencia da realidade, é dura-deira?

- M:** Toda experiencia é necesariamente transitoria. Mais o fondo de toda experiencia é inamovible. Nada que poidas denominar como acontecemento perdurará. Pero algúns acontecementos purifican a mente e outros lúxana. Momentos de profunda introspección e amor incondicional purifican a mente, mentres que os desexos e os medos, envexas e carraxe, crenzas cegas e arrogancia intelectual contaminan e abrandan a mente.
- I:** É tan importante a autorrealización?
- M:** Sen ela serías consumido polos teus medos e desexos, repetíndose estes incesantemente nun sufrimento constante. A maioría da xente non sabe que o sufrimento pode rematar. Pero en canto oen as boas novas entenden que, obviamente, superar toda loita e discusión é a labor máis urxente que pode existir. Sabes que podes ser libre e agora é cousa túa: ou ben ficas famento e sedento, desexando, buscando, aferrándote, sempre perdendo e lamentando, ou vas de todo corazón na procura da perfección atemporal á

que nada podes aportar, da que nada podes sacar. Nela todo medo e todo desexo están ausentes, mais non por teren sido abandonados senón porque perderon o seu sentido.

- I:** Ata aquí fun quen de entender. Agora ben, que se supón que debo facer?
- M:** Non hai nada que facer. Só *ser*. Non fagas nada. *Sé*. Non tes que subir montes e sentar en covas. Nin sequera che digo “sé ti mesmo”, xa que non te coñeces. *Sé*. Cando vexas que non es nin o mundo “exterior” das percepcións nin o mundo “interior” dos conceptos, que non es nin o corpo nin a mente, unicamente *sé*.
- I:** Mais de seguro existen graos na realización.
- M:** Non hai estadios na autorrealización. Non hai nada gradual nisto. Acontece de súpeto e irreversiblemente. Habitas unha nova dimensión dende a cal as anteriores semellan abstraccións. Así como ao amencer podes ver as cousas como realmente son, coa autorrealización ves todo como é. O mundo das ilusións queda atrás.

- I:** No estado de realización cambian as cousas? Tornan vívidas e cheas de significado?
- M:** A experiencia está moi ben, de certo que si, mais non é unha experiencia da realidade (*sadanubhav*), senón da harmonía (*satvanubhav*) do universo.
- I:** Aínda así existe un progreso.
- M:** Só existe progreso na preparación (*sadhana*). A realización acontece de súpeto. A froita madurece amodo, mais cae de súpeto e sen volta atrás.
- I:** Estou física e mentalmente en paz. Que máis preciso?
- M:** O teu podería non ser o estadio último. Recoñecerás que regresaches ao teu estado natural pola completa ausencia de medo e de desexo. Despois de todo na raíz de todo medo e desexo está a sensación de non ser o que es. Igual que a articulación que doe só cando está fóra do sitio e deixa de doer en canto se pon no seu lugar, así a preocupación por un mesmo é un síntoma de distorsión mental que desaparece en canto un está no seu estado normal.

- I:** Si pero, cal é a *sadhana* para acadar o estado natural?
- M:** Acóllete á sensación “eu son” ata excluír todo o demais. En canto o fas a mente torna completamente silenciosa, brilla cunha nova luz e vibra cun novo coñecemento. Todo vén espontaneamente, só precisas quedar co “eu son”. Coma cando saes do sono ou dun estado de éxtase e te sentes descansado mais non poderías explicar por que te sentes tan ben, do mesmo xeito coa realización sénteste completo, cheo, fóra do binomio dor-pracer, mais con todo non sempre capaz de explicar o que aconteceu, nin como nin porque. Só podes expresalo en termos negativos: “O meu mal rematou”. Só por comparación co pasado sabes que estás fóra del. Polo demais simplemente es ti mesmo. Non intentes compartilo cos demais. Se puideses non sería xenuíno. Fica en silencio e observa como actúa.
- I:** Se me puideses dicir en que me converterei, axudaría-me a levar conta dos meus progresos.

- M:** Como pode alguén dicirte en que te has de converter cando non hai conversión? Sinxelamente descubres o que es. Amoldarse a un patrón é unha auténtica perda de tempo. Non penses no pasado nin no futuro, simplemente *sé*.
- I:** Como podo simplemente ser? Os cambios son inevitables.
- M:** Os cambios son inevitables no cambiante, pero ti non estás suxeito a eles. Ti es o fondo inmutable sobre o cal se perciben os cambios.
- I:** Todo cambia, o fondo tamén cambia. Non fai falla un fondo inmutable para decatarse dos cambios. O “ser” é transitorio: é soamente o punto onde o pasado se atopa co futuro.
- M:** Por suposto que o ser baseado na memoria é transitorio. Pero ese ser require unha continuidade tras del. Sabes por experiencia que existen ocos cando o teu ser é esquecido. Que é o que o devolve á vida? Que é o que fai que acordes pola mañá? Ten que existir un factor constante que faga de ponte entre eses ocos da conciencia. Se

observas con tino decatarse de que mesmo a túa conciencia diúrna aparece en refachos, con ocos constantes. Que hai nos ocos? Que pode haber senón o teu ser real, que é atemporal? Mente e ausencia de mente son o mesmo para el.

- I:** Hai algún lugar en particular que me aconselles para os logros espirituais?
- M:** O único lugar está dentro de ti. O mundo exterior nin axuda nin dificulta. Ningún sistema, ningún patrón de acción te levará á túa meta. Abandona todo o que sexa traballar para o futuro, concéntrate totalmente no *agora*, preocúpate só da túa resposta a cada cousa que che acontece na vida.
- I:** Cal é a causa da teima en moverse?
- M:** Non hai causa. Sinxelamente soñas que te moves. Dentro duns poucos anos a túa estadía na India será coma un soño para ti. Estarás a soñar outro soño daquela. Date conta de que non es ti quen se move entre soños, senón que é o soño o que aparece diante túa, e que ti es o *observador*

inmutable. Ningún acontecer afecta ao teu ser real: esta é a verdade absoluta.

- I:** Non podoo moverme fisicamente e ficar quieto no meu interior?
- M:** Podes, pero que sentido tería? Se o tomas en serio, ao final fartaraste de tanto bulir e arrepentiraste da perda de tempo e enerxía. Para atoparte a ti mesmo non precisas dar un só paso.
- I:** Hai algunha diferenza entre a experiencia do Ser (*Atman*) e a do Absoluto (*Brahman*)?
- M:** Non pode haber experiencia do Absoluto, xa que está máis alá da experiencia. Pola outra banda o Ser é o factor experimentador en cada unha das experiencias e así, dalgún xeito, valida a multiplicidade das experiencias. O mundo pode estar cheo de cousas de gran valor, pero se non hai ninguén para mercalas carecen de prezo. O Absoluto contén todo o que pode ser experimentado, pero sen a experiencia é coma se non fose nada. Aquilo que fai posible a experiencia é o Absoluto. Aquilo que a fai presente é o Ser.

- I:** Non chegamos ao Absoluto logo de experiencias graduais? Comezamos coas máis bastas e rematamos coas máis sutís.
- M:** Non pode haber experiencia sen desexo por ela. Pode haber unha gradaxe entre desexos pero entre o máis sublime dos desexos e o ceibarse de todo desexo existe un abismo que debe ser cruzado. O irreal pode semellar real mais é transitorio. O real non ten medo do tempo.
- I:** Non é o irreal a expresión do real?
- M:** Como podería ser? É como dicir que a verdade se expresa en soños. Para o real o irreal non existe. Semella real porque ti cres nel. Dubida del, e deterase. Cando estás namorado de alguén imaxinas que o teu amor é todopoderoso e eterno. Cando remata dis: “Pensei que era real, pero non era tal”. A transitoriedade é a mellor proba da irrealidade. Aquilo que está limitado no espazo e no tempo e é aplicable a unha soa persoa non é real. O real é para todos e para sempre.

Ti celebras a túa existencia sobre todas as cousas. Non aceptarías nada a cambio dela. O desexo de ser é o máis forte dos desexos e só partirá cando te decates de cal é a túa verdadeira natureza.

- I:** Incluso no irreal hai un chisco de realidade.
- M:** Si, a realidade que ti lle impós ao tomalo coma real. Logo de te convencer a ti mesmo vives limitado pola túa convicción. Cando o sol brilla as cores aparecen. Onde están as cores sen o sol?
- I:** Iso é pensar en termos dualistas.
- M:** Todo pensamento se dá na dualidade. Na identidade ningún pensamento sobrevive.

Deus é o remate de todo desexo e coñecemento

MAHARAJ: De onde vides? Cal foi o motivo que vos trouxo aquí?

INTERLOCUTOR: Eu veño de América e o meu amigo é da República Irlandesa. Vin fará uns seis meses e andei de *Ashram* en *Ashram*. Meu amigo veu pola súa conta.

M: Que foi o que vistes?

I: Estiven no Ramanashram e tamén visitei Rishikesh. Pódoche preguntar cal é a túa opinión sobre Ramana Maharshi'?

M: Os dous moramos no mesmo vello estado. Pero que sabes ti do Maharshi? Ti veste a ti mesmo coma un nome e un corpo e, xa que logo, todo o que percibes son nomes e corpos.

- I:** Se te atopases co Maharshi, que acontecería?
- M:** Probablemente nos sentiríamos moi felices. Pode que incluso intercambiásemos algunhas verbas.
- I:** Pero recoñeceríate el como un home liberado?
- M:** Por suposto. Así como un home recoñece a outro home, así un *jnani* recoñece a un *jnani*. Ti non podes apreciar o que non coñeces. Ti es o que cres ser. Pero non podes pensar en ser algo sobre o que non tes experiencia.
- I:** Para ser un enxeñeiro é preciso aprender enxeñería. Para converterme en Deus, que debo aprender?
- M:** Debes desaprender todo. Deus é o remate de todo desexo e coñecemento.
- I:** Queres dicir que me converto en Deus con só abandonar o desexo de me converter en Deus?
- M:** Todos os desexos deben ser abandonados, porque cando desexas adoptas a forma dos teus desexos. Cando xa non fiquen desexos volverás ao teu estado natural.

- I:** Como saberei eu que acadei a perfección?
- M:** Non podes coñecer a perfección, só podes coñecer a imperfección. Para que se dea o coñecemento ten que existir unha separación, unha falta de harmonía. Podes saber o que non es, pero non podes coñecer o teu ser real. Só podes ser o que es. A aproximación toda faise a través da comprensión, que consiste en ver o falso coma falso. Mais para comprender debes observar dende fóra.
- I:** O concepto do Vedanta² de *Maya*, ilusión, aplícase ao manifestado. Así pois, o noso coñecemento do manifestado non é fiable. Pero deberíamos ser quen de confiar no noso coñecemento do non-manifestado.
- M:** Non pode haber coñecemento no non-manifestado. Non se pode coñecer o que existe só en potencia. Só o que existe de feito pode ser coñecido.
- I:** Por que debe o coñecedor permanecer descoñecido?

- M:** O coñecedor coñece o coñecido. Coñeces ti ao coñecedor? Quen é o coñecedor do coñecedor? Queres coñecer o non-manifestado. Podes dicir que coñeces o manifestado?
- I:** Coñezo cousas e ideas, e as súas relacións. É a suma total das miñas experiencias.
- M:** De todas?
- I:** ...Das experiencias empíricas. Admito que non podo coñecer o que non aconteceu.
- M:** Se o manifestado é a suma total das experiencias, incluídos os que as experimentaron, canto coñeces ti en total? Moi pouco de feito. E que é ese pouco que coñeces?
- I:** Algunhas experiencias sensoriais en tanto relacionadas comigo.
- M:** Nin sequera iso. Ti sabes que reaccionas. Non sabes quen reacciona nin perante que. Sabes, por contacto, que existes: “eu son”. O “eu son isto”, “eu son aquilo”, son imaxinarios.
- I:** Coñezo o manifestado porque participo del. Admito que a miña parte nel é miúda, pero aínda

así é tan real coma a totalidade. E o que é máis importante: doulle sentido. Sen min o mundo é escuro e silencioso.

- M:** Un vagalume a iluminar o mundo! Ti non lle dás sentido ao mundo: ti atópaslo. Mergúllate no teu interior e atopa a fonte da que xorde todo significado. A mente superficial non pode ser a que dá sentido.
- I:** Que é o que me fai limitado e superficial?
- M:** O Absoluto está aberto e dispoñible, pero ti non o aceptarás. Estás apegado á pequena persoa que cres que es. Os teus desexos son estreitos de miras, a túa ambición cativa. Despois de todo, sen un centro de percepción que sería do manifestado? Sen ser percibido, o manifestado é tan bo coma o non-manifestado. Ti es o puntinho da percepción, a fonte adimensional de todas as dimensións. Coñécete como a totalidade.
- I:** Como pode un punto conter o universo?
- M:** Hai espazo abondo nun punto para un milleiro de universos. A cousa non é a falta de espazo:

o problema é a autolimitación. Pero non podes fuxir de ti mesmo. Tanto ten o lonxe que vaias, acabas por volver a ti mesmo e á necesidade de comprender este punto, que é como se non fose nada e, ao mesmo tempo, é a fonte de todo.

- I:** Vin á India para atopar un mestre de *Yoga*. Aínda estou na súa procura.
- M:** Que clase de *Yoga* queres practicar, o *Yoga* do tomar ou o *Yoga* do abandonar?
- I:** Non veñen a ser o mesmo ao final?
- M:** Como van ser? Un escraviza, o outro libera. O motivo é fundamental. A liberdade vén da man da renuncia; toda posesión é atadura.
- I:** Se teño a forza e a coraxe de posuír algo, por que debería abandonalo? E se carezo da forza, como podería abandonalo? Non entendo esta necesidade de abandonar... Cando quero algo, por que non ía ir na súa procura? A renuncia é para os febles.
- M:** Se non tes a forza e a sabedoría para abandonar, sinxelamente olla para as túas posesións. O sinxe-

lo acto de ollar queimaraas. Se podes ficar fóra da túa mente, decataraas, máis cedo que tarde, que a renuncia total dos teus medos e desexos é, obviamente, a cousa máis razoable que podes facer. Creaches o mundo e agora preocupaste por el. Tomar unha actitude egoísta acaba coas túas forzas. Se ti pensas que tes a forza e a coraxe de desexar é porque es mozo e non tes experiencia. O obxecto de desexo, invariablemente, destrúe os medios polos que o acadaches e, de seguido, el mesmo se esvaece. Mais todo é para ben porque así aprendes a rexeitar os teus desexos como se fosen a peste.

- I:** Como debo practicar o non-desexar?
- M:** Non precisas practicar. Non fai falla acto de renuncia ningún. Mira a outro lado, iso é todo. Aquí e acolá haste esquecer, pero non ten importancia. Volve intentalo outra vez ata que poidas apartar os teus medos e desexos, cada reacción, de xeito automático.
- I:** Como pode un vivir sen emocións?

- M:** Podes ter todas as emocións que queiras, pero ten conta das reaccións, das emocións inducidas. Réxete pola autodeterminación e guía-te dende dentro, non dende fóra. Abandonar unha cousa para asegurarse unha mellor non é renuncia sincera. Abandónao porque ves a súa carencia de valor. Así que continúes co proceso de abandono decatáste de que medras espontaneamente en poder e intelixencia, en gozo e amor inesgotable.
- I:** Por que tanta insistencia en abandonar medos e desexos? Non son algo natural?
- M:** Non son, non. Son enteiramente artificiais. Tes que abandonar todo para comprender que non precisas nada, nin sequera o teu corpo. As túas necesidades son irrealas, os teus esforzos carecen de sentido. Imaxinas que as túas posesións te protexen, cando en realidade son as que te fan vulnerable. Teste que ver afastado de todo o que pode ser sinalado coma “isto” ou “aquilo”. Es inalcanzable por calquera experiencia senso-

rial ou construción verbal. Dálle as costas a iso. Rexeita ser personalizado.

- I:** Agora que te escoitei, que debo facer?
- M:** Escoitar só non che vai a axudar moito. Debes telo no siso, ponderalo, tratar de entender o estado mental que me fai dicir as cousas que digo. Eu falo dende a verdade: achega a túa man e tómaa. Ti non es o que cres ser, asegúrocho. A imaxe que tes de ti mesmo está feita de lembranzas e é puramente accidental.
- I:** O que eu son é resultado do meu *karma*.
- M:** Non es o que aparentas ser. *Karma* é só unha palabra que aprendiches a repetir. Nunca fuches nin serás unha persoa. Rexeita considerarte coma tal. Entanto non chegues a dubidar sequera de que ti es o señor tal-e-tal, hai pouca esperanza. Se non queres abrir os ollos, que se che pode amosar?
- I:** Eu imaxino o *karma* como un poder misterioso que me empuxa á perfección.
- M:** Iso é o que che contaron. Ti es xa perfecto, aquí e agora. Ti non es perfectible. Imaxinas que es

o que non es: para xa con iso. O importante é parar, non aquilo que vas parar.

- I:** Non é o *karma* o que me obriga a ser o que son?
- M:** Nada che obriga a nada. Ti es como cres ser. Deixa de crer.
- I:** Aquí estás ti, sentado no teu asento, falando comigo. O que che obriga a facelo é o teu *karma*.
- M:** Nada me obriga. Fago o preciso. Pero ti fas demasiadas cousas innecesarias. É a túa negación a examinar as cousas a que crea *karma*. É a túa indiferenza ante a túa propia dor o que o perpetúa.
- I:** Si, iso é certo. Que é o que pode poñer fin a esta indiferenza?
- M:** A necesidade debe vir de dentro, coma unha onda de desapego ou de compaixón.
- I:** Podo atoparme con esta necesidade na metade do meu camiño?
- M:** Por suposto. Mira o teu propio estado, mira o estado do mundo.

- I:** Aprendemos sobre o *karma* e a reencarnación, *Yoga* e evolución, mestres e discípulos. Que temos que facer con todo este coñecemento?
- M:** Déixao todo atrás. Esquéceo. Segue cara adiante sen a carga das crenzas e das ideas. Abandona todas as estruturas verbais, toda verdade relativa, todo obxecto tanxible. O Absoluto só pode ser alcanzado con absoluta devoción. Non sexas medio-sincero.
- I:** Para iso debo comezar con algunha verdade absoluta. Hai algunha?
- M:** Si hai; a sensación “eu son”. Comeza con iso.
- I:** Non hai nada máis que sexa verdadeiro?
- M:** Todo o demais non é nin verdadeiro nin falso. Semella real cando aparece, desaparece cando é negado. Unha cousa transitoria é un misterio.
- I:** Eu penso que é o real o que é un misterio.
- M:** Como ía ser? O real é simple, aberto, claro e amable, fermoso e gozoso, completamente libre de contradicións. É sempre novo, sempre fresco, infinitamente creativo. Ser e non ser, vida e morte, toda as distincións se funden nel.

- I:** Podo admitir que todo sexa falso. Pero fai iso inexistente a miña mente?
- M:** A mente é o que ela pensa. Para facela real, pensa realmente.
- I:** Se a forma das cousas é mera aparencia, que son en realidade?
- M:** En realidade só hai percepción. O que percibe e o percibido son conceptuais, o feito de percibir é real.
- I:** Cando aparece o Absoluto?
- M:** O Absoluto é a raíz da percepción. Fai que a percepción sexa posible.

Pero demasiada análise non che vai levar a ningures. En ti está o celme do ser, que está máis alá de análises, máis alá da mente. Só podes coñecelo en acción. Exprésao na túa vida diaria e a súa luz brillará máis clara aínda.

A función lexítima da mente é dicirche o que ela non é. Pero se andas á procura de coñecemento positivo debes ir alén da mente.

- I:** Hai algunha cousa de valor en todo o universo?
- M:** Si, o poder do amor.

¹ Sri Bhagavan Ramana Maharshi (1879-1950), foi unha das figuras chave da vida espiritual india no século xx, e é unha das referencias máis senlleiras na actual ensinanza do Advaita Vedanta. Sri Bhagavan experimentou aos deza-seis anos de idade o que logo describiría como liberación (*Moksha, Mukti*), e de seguido abandonou o fogar no que vivía co seu tío para viaxar ata a vila de Tiruvannamalai con motivo de ver en persoa a quen sempre considerou o seu *Guru*: a montaña sagrada Arunachala. Ficou o resto da súa vida na súa veciñanza, vivindo en varias ocasións en distintas covas na mesma montaña. Co devir dos anos os seus devotos, que se contaban por centos, crearon un *Ashram*, o Ramanashram, ao pé de Arunachala. É sabido que Nisargadatta Maharaj sentía unha grande simpatía por este mestre.

² Literalmente “o remate dos Vedas”. Escola filosófica que nace da interpretación (e posta en práctica) dos escritos das Upanishads, concibida coma o estadio final da comprensión dos Vedas. No caso de Nisargadatta Maharaj estamos a falar do Vedanta Advaita, a corrente non-dual do Vedanta.

O que é puro, sen mestura, carente de apegos, é real

MAHARAJ: Volviches á India! Onde estiveches, que cousas viches?

INTERLOCUTOR: Veño da Suíza. Alí estiven cun home senlleiro que di terse realizado. Practicou moitos *Yogas* no pasado e pasou por moitas experiencias. Agora di non ter ningunha habelencia especial, ningún coñecemento; a única cousa inusual nel ten que ver coas súas sensacións; é incapaz de separar ao que ve do que é visto. Por exemplo, cando ve un carro na rúa vindo cara a el, non podería dicir se é o carro o que vai cara a el, ou é el o que vai cara ao carro. Disque é, ao tempo, o visto e o que ve. Convertéronse nun. Vese a si

mesmo en cada cousa que ve. Cando lle pregunto algo do Vedanta el di: “En realidade non che podo contestar. Non o sei. Todo o que coñezo é esta estraña identidade co que queira que percibo. Eu esperaba calquera cousa menos isto.”

É un tipo humilde; non ten discípulos e non se pon a si mesmo nun pedestal. Está disposto a falar deste estraño estado del, pero iso é todo.

M: Agora sabe o que sabe. O demais rematou. Cando menos aínda fala. Cedo podería deixar de falar.

I: E que faría despois diso?

M: A inmovilidade e o silencio non son inactivos. A flor enche o espazo co seu recendo, a vela coa súa luz. Non fan nada e, aínda así, cambian todo coa súa presenza. Podes fotografar a vela, pero non a súa luz. Podes coñecer ao home, o seu nome e aparencia, pero non a súa influencia. A súa soa presenza é acción.

I: Non é natural estar activo?

M: Todo o mundo quere estar activo, pero onde se orixinan as súas accións? Non existe un centro,

cada acción leva implícita outra acción, dolorosa e sen sentido, nunha sucesión sen fin. A alternancia entre traballo e pausa non está aí. Primeiro atopa o centro inmutable onde nace todo movemento. Igual que a roda dá voltas arredor do eixo, así deberías ti ser o eixo no centro e non andar a dar voltas pola periferia.

I: E como se fai iso na práctica?

M: No intre no que unha emoción ou desexo che veña á mente dálle as costas.

I: Pero suprimindo os meus pensamentos e sentimentos provocarei outra reacción.

M: Eu non falo de supresión. Tan só négalle a atención.

I: Non debería usar o esforzo para contrarrestar os movementos da mente?

M: Non ten nada que ver co esforzo. Sinxelamente non fagas caso, olla o espazo entre os pensamentos, non aos pensamentos. Cando camiñas entre a multitude non te pelexas con cada persoa que encontras: atopas o teu camiño entre elas.

- I:** Se uso a miña vontade para controlar a mente, só fortalecerei o ego.
- M:** Por suposto. Cando pelexas estás convidando á pelexa. Pero cando non te resistes, tampouco te atopas con ningunha resistencia. Cando rexeitas continuar co xogo estás fóra del.
- I:** Canto me levará desfacerme da mente?
- M:** Pódeche levar mil anos pero en realidade non se precisa tempo ningún. Todo o que precisas é estar totalmente decidido. Aquí a vontade é o feito. Se es sincero acádalo. Despois de todo é unha cuestión de actitude. Nada che impide ser un *jnani* aquí e agora agás o teu medo. Tes medo de ser impersoal, de ser sen a persoa. En realidade é moi simple. Ignora os teus desexos e os teus medos e os pensamentos que eles crean, e estarás dun golpe no teu estado natural.
- I:** Non hai lugar para o reacondicionamento, cambio ou eliminación da mente?
- M:** Non hai lugar ningún. Deixa soa á túa mente, iso é todo. Non lle sigas o xogo. Despois de todo

non existe iso que chamamos mente aparte dos pensamentos que veñen e van atendendo ás súas propias leis, non ás nosas. Domínante só porque ti estás interesado neles. É exactamente como dixo o Cristo: “Non intentes resistir o mal”. Enfrontándote ao mal só lle darás máis forza.

- I:** Si, agora entendo. Todo o que teño que facer é negar a existencia do mal, así esvaecerase. Pero isto non vén a ser unha forma de autosuxestión?
- M:** A autosuxestión está a pleno rendemento agora, cando cres que es unha persoa atrapada entre o ben e o mal. O que che pido é que remates con iso, que espertes e vexas as cousas como realmente son.

Volvendo á túa estancia na Suíza con ese extraño amigo teu: que gañaches na súa presenza?

- I:** Nada en absoluto. A súa experiencia non me afectou en nada. Unha cousa aprendín: non hai nada que buscar. A onde queira que vaia nada me espera á fin da viaxe. O descubrimento non é resultado do desprazamento.

M: Certo: estás completamente á marxe de calquera cousa que se poida gañar ou perder.

I: É iso o que chamas *vairagya*, abandono, renuncia?

M: Non hai nada ao que renunciar. Chega con deixar de acumular. Para dar debes ter, e para ter debes coller. Mellor non coller. É máis simple que a renuncia, a cal leva a unha perigosa forma de orgullo “espiritual”.

Todo este seleccionar, pesar, escoller, trocar: todo é ir de compras a algún mercado “espiritual”. Que se che perdeu a ti aló? Que gran negocio pensas facer? Se non estás no mundo dos negocios, que sentido ten esta ansia por escoller? O desacougo non leva a ningures. Algo impide que vexas que non hai nada que necesites. Atópao e olla a súa falsidade. É coma tomar un veneno e sufrir dunha sede insaciable. No canto de beber sen medida, por que non eliminas o veneno e te desfás desa sede abrasadora?

I: Terei que eliminar o ego!

M: A sensación “eu son unha persoa no espazo e no tempo” é o veneno. En certo sentido o tempo é

o veneno. Dentro do tempo todas as cousas rematan e outras novas nacen para ser devoradas no seu momento. Non te identifies co tempo, non preguntes ansioso “que vén agora, que vén agora?” sitúate fóra do tempo e olla como devora o mundo. Di: “Está ben, é a natureza do tempo poñer fin a todo. Que así sexa. Non ten nada que ver comigo; eu non son nada que poida arder, non preciso acumular combustible”.

I: Pode o *observador* existir sen obxectos que observar?

M: Sempre hai algo que observar. Se non é unha cousa será a súa ausencia. Observar é natural, non ten ningún mal. O problema é o exceso de interese, que leva á autoidentificación. Calquera cousa que absorba a túa atención é tomada por real.

I: É o “eu son” real ou irreal? É o “eu son” o *observador*? É o *observador* real ou irreal?

M: O que é puro, sen mestura, carente de apegos, é real. O que é corrupto, mesturado, dependente e efémero é irreal. Que non te confundan as palabras: unha palabra pode ter varios e inclu-

so contraditorios significados. O “eu son” que persegue o pracenteiro e evita o desagradable é falso; o “eu son” que ve dor e pracer como inseparables, ve correctamente. O *observador* involucrado no que percibe é a persoa; o *observador* que permanece á marxe, inmóbil e inmaculado, é a atalaia do real, o punto no que a observación, inherente ao non-manifestado, contacta co manifestado. Non pode haber universo sen o *observador*, non pode haber *observador* sen o universo.

- I:** O tempo consume o mundo. Quen é o *observador* do tempo?
- M:** O que está máis alá do tempo: o sen nome. Cando fas xirar un pau cunha faísca ardendo na punta, un círculo brillante aparece. Cando o movemento remata a faísca aínda está aí. De xeito semellante o “eu son” en movemento crea o mundo. O “eu son” en paz convértese no Absoluto. Es coma un home cunha luz de pila camiñando por unha galería, só podes ver o que a luz che amosa, o resto é escuridade.

- I:** Se eu proxecto o mundo, eu debería ser quen de cambialo.
- M:** Por suposto que si. Pero debes deixar de identificarte con el e ir máis alá. Entón terás o poder de destruír e recrear.
- I:** O único que quero é ser libre.
- M:** Debes de saber dúas cousas: que é aquilo do que te queres liberar, e que é o que te ata.
- I:** Por que queres destruír o universo?
- M:** Non teño ningún interese no universo. Que sexa ou non tanto me ten. Chégame con coñecer quen son eu.
- I:** Se estás máis alá do mundo, entón non tes utilidade ningunha para o mundo.
- M:** Preocúpate polo Ser que é, non polo mundo que non é! Absorbido por un soño esqueciches o teu verdadeiro Ser.
- I:** Sen o mundo non hai lugar para o amor.
- M:** Moi certo. Todos estes atributos: ser, conciencia, amor e beleza, son reflexos do real no mundo. Sen o real acabouse o reflexo.

- I:** O mundo está cheo de cousas e xente desexables. Como podo imaxinalos non-existentes?
- M:** Deixa o desexable para aqueles que desexan. Muda a corrente do teu desexo do tomar ou o “coller” para o dar. A paixón por dar, por compartir, varrerá de xeito natural a idea dun mundo externo fóra da túa mente, e mesmo a idea de dar tamén. Só a pura irradiación do amor ficará, máis alá do dar e do recibir.
- I:** No amor ten que haber dualidade: o amante e o amado.
- M:** No amor nin sequera hai un, como podería haber dous? O amor é negarse a separar, a facer distincións. Antes de que poidas pensar na unidade primeiro debes crear a dualidade. Cando amas realmente non dis: “quérote”: onde hai actividade mental hai dualidade.
- I:** Que é o que me trae unha e outra vez á India? Non pode ser o barata que resulta a vida aquí. Tampouco a variedade de impresións. Ten que haber algún factor máis importante.

- M:** Tamén está o factor espiritual. A división entre o exterior e o interior é máis feble na India. Aquí é máis doado expresar o interior no exterior. A integración é fácil. A sociedade non é tan opresiva.
- I:** Si, no occidente todo é *tamas* e *rajas*. Na India hai máis *sattva*, harmonía e equilibrio.
- M:** Non podes ir máis alá dos *gunas*? Por que escoller *sattva*? Sé o que es, o que queira que sexa, e non te preocupes polos *gunas*.
- I:** Non teño forzas.
- M:** Iso quere dicir que gañaches pouco na India. O que é verdadeiramente teu non o podes perder. Se estiveses ben asentado no teu ser, mudar de lugar non che afectaría.
- I:** Na India a vida espiritual é fácil. No occidente non é así, un ten que adaptarse ao entorno en moita maior medida.
- M:** Por que non creas o teu propio entorno? O mundo ten o poder que ti lle dás. Rebélate. Vai máis alá da dualidade, non fagas distincións entre oriente e occidente.

- I:** Que pode un facer cando se atopa nun ambiente que é hostil co espiritual?
- M:** Non fagas nada. Sé ti mesmo. Exponete. Mira máis alá.
- I:** Pode haber rifas no fogar. Os pais case nunca entenden.
- M:** Cando coñeces o teu verdadeiro ser non tes problemas. Podes complacecer aos teus pais ou non, casar ou non, facer unha chea de cartos ou non; para ti tanto ten. Actúa de acordo coas circunstancias, mais en contacto directo cos feitos, coa realidade de cada situación.
- I:** Non é ese un estado moi elevado?
- M:** Non oh: é o estado normal! Dis elevado porque lle tes respecto. Primeiro pérdelle o medo. Entende que non hai nada que temer. A ausencia de medo é a porta ao Supremo.
- I:** Nin con todo o esforzo do mundo podo eu perder o medo.
- M:** A perda do medo vén por si mesma, cando ves que non hai nada que temer. Cando camiñas por unha

rúa ateigada cruzaste con moita xente. A algúns obsérvalos, a outros só os ves de esguello, pero non te paras. Deterse crearía un atasco. Sigue movéndote! Non fagas caso de nomes e formas, non te apegues a eles; o teu apego é o que te ata.

- I:** Que debo facer cando alguén me da unha labazada?
- M:** Actuarás de acordo co teu carácter, xa sexa innato ou adquirido.
- I:** É inevitable? Estou eu -está o mundo-, condenado a ficar como é?
- M:** Un ourive que quere refacer unha alfaia, primeiro fúndea deixando o ouro amorfo. Do mesmo xeito debe un retornar ao estado orixinal antes de que un novo nome e unha nova forma poidan xurdir. A morte é esencial para a renovación.
- I:** Sempre insistes na necesidade de ir máis alá, de manterse á marxe, solitario. Apenas usas as palabras “correcto” e “incorrecto”, como é iso?
- M:** É correcto ser un mesmo e é incorrecto non selo. Todo o demais é relativo. Deveses por se-

parar o correcto do incorrecto porque precisas dalgunha base para actuar. Sempre andas atrás dalgunha cousa que facer. Pero a acción a partir da motivación persoal, baseada nalgunha escala de valores, apuntando a algún resultado, é peor que a inacción, pois os seus froitos son sempre amargos.

I: Son o amor e a atención o mesmo?

M: Por suposto. A atención é dinámica, o amor é ser. Esa atención, é amor en acción. Por si mesma a mente pode realizar calquera posibilidade, pero en tanto non veña do amor, carece de valor. O amor precede á acción. Sen el só hai caos.

I: Onde está a acción na observación?

M: Es incorrivelmente pragmático! Como non haxa movemento, desacougo, rebumbio, non lle chamas acción. O caos é o movemento polo movemento. A verdadeira acción non move: transforma. Un cambio de lugar é só transporte, un cambio de corazón é acción. Lembra isto sempre: nada perceptible é real. A actividade non é

acción. A acción permanece agochada, descoñecida, incognoscible. Só podes coñecer os seus froitos.

I: É Deus o facedor?

M: Por que introducir un axente externo? O mundo recréase a partir de si mesmo. É un proceso sen fin: o transitorio recreando o transitorio. É o teu ego o que che fai pensar que ten que haber un facedor. Creaches a un Deus á túa imaxe e semellanza, tanto ten o deprimente que sexa esa imaxe. Proxectaches sobre a película da túa mente un mundo e tamén un Deus para darlle unha causa e un propósito. É todo imaxinación: abandona iso.

I: Que difícil é ver o mundo como unha creación puramente mental! A realidade tanxible semella do máis convincente.

M: Ese é o misterio da imaxinación: que semelle tan real. Podes estar solteiro ou casado, ser un monxe ou un home de familia, esa non é a cuestión. Es escravo da túa imaxinación ou non? Cal-

quera decisión que tomes, calquera traballo que fagas, estará invariablemente baseado na imaxinación, en asuncións que desfilan como feitos.

I: Aquí estou sentado en fronte túa. Que parte disto é imaxinación?

M: Todo. Mesmo o espazo e o tempo son imaxinarios.

I: Significa iso que non existo?

M: Eu tampouco existo. Toda existencia é imaxinaria.

I: É imaxinario o feito de ser?

M: Existencia pura, enchendo todo e alén de todo, non é existencia limitada. Toda limitación é imaxinaria, só o ilimitado é real.

I: Cando ollas para min, que é o que ves?

M: Véxote a ti, imaxinando que es.

I: Hai moitos coma min, mais cada un é distinto.

M: A totalidade das proxeccións é o que chaman *maha-maya*, A Gran Ilusión.

I: Pero cando ollas para ti mesmo, que ves?

M: Depende como mire. Cando miro coa mente vexo innumerables persoas. Cando miro máis

alá da mente vexo ao *observador*. Máis alá do *observador* está a intensidade infinita do baleiro e o silencio.

I: Como se debe tratar coa xente?

M: Por que facer plans, e para que? Cuestións tales demostran ansiedade. As relacións son cousas vivas. Firma a paz co teu ser interior e estarás en paz con todo o mundo.

Decátate de que ti non es dono do que pasa, non podes controlar o futuro non sendo en aspectos puramente técnicos. As relacións humanas non se poden planear, son demasiado ricas e variadas. Sé comprensivo e compasivo, libre de intereses propios.

I: Eu non son o dono do que acontece senón, máis ben, o seu escravo.

M: Non sexas o dono nin o escravo. Fica fóra diso.

I: Implica iso eludir a acción?

M: Non podes evitar a acción. É algo que acontece, coma todo.

I: Pero eu pododo controlar as miñas accións.

- M:** Inténtao. Cedo verás que só fas o que debes.
- I:** Podo actuar de acordo coa miña vontade.
- M:** Só coñeces a túa vontade logo de ter actuado.
- I:** Lembro os meus desexos, as decisións tomadas, as escollas e os actos realizados de acordo con elas.
- M:** Entón é a túa memoria a que decide, non ti.
- I:** Cando aparezo eu?
- M:** Ti es o que fai que todo sexa posible cando pres-
tas atención.
- I:** Non existe o libre albedrío? Non son libre de
desexar?
- M:** Que vas ser! Estás impelido a desexar. No Hin-
duísmo a propia idea do libre albedrío non exis-
te, non hai palabra para definilo. A vontade é
compromiso, fixación, atadura.
- I:** Eu son quen de escoller as miñas limitacións.
- M:** Debes de estar libre primeiro. Para estar libre no
mundo debes ceibarte del. Doutro xeito serán o
pasado e o futuro os que decidan por ti. Estás
collido entre o que xa aconteceu e o que ten

- que acontecer. Chámalle destino ou *karma*, pero
nunca liberdade. Primeiro retorna ao teu verda-
deiro ser e logo actúa dende a cerna do amor.
- I:** Cal é a impronta do non-manifestado no mani-
festado?
- M:** Non hai ningunha. No intre no que comezas a
procurar o non-manifestado, o manifestado di-
sólvese. Se intentas entender o non-manifestado
coa mente estarás, de golpe, alén da mente,
como cando enteas o lume cun pau e acabas
por queimar o pau. Usa a mente para investigar
o manifestado. Sé coma un pitiño que peta na
cuncha do seu ovo. Especular sobre a vida fóra
da casca vaiche servir de pouco, pero petar na
casca rómpea dende dentro e así acabas por cei-
bar ao poliño. Rompe a mente dende dentro do
mesmo xeito, a través da investigación e da posta
en evidencia das súas contradicións e dos seus
absurdos.
- I:** O desexo de romper a casca, de onde vén?
- M:** Do non-manifestado.

A verdade é aquí e agora

INTERLOCUTOR: A miña pregunta é: cal é a proba da verdade? Os seguidores de toda relixión, metafísica ou política, filosófica ou ética, están convencidos de que a súa é a única verdade, que todo o demais é falso, e toman a súa propia convicción inamovible coma a proba da verdade. “Estou convencido, logo debe ser certo”, din eles. Eu penso que ningunha filosofía ou relixión, ningunha doutrina ou ideoloxía, aínda que completa, libre de contradicións e atractiva a nivel emocional, pode ser a proba da súa propia verdade. Son coma as roupas que pon a xente, que varían co tempo e as circunstancias e seguen os ditados da moda.

Así pois, pode haber unha relixión ou filosofía que sexa verdadeira e que non dependa da convicción de alguén? Nin das escrituras, xa que elas dependen, unha vez máis, na fe que alguén teña nelas. Existe algunha verdade que non dependa da confianza, que non sexa subxectiva?

MAHARAJ: Que hai da ciencia?

I: A ciencia é circular, remata onde comeza, cos sentidos. A ciencia trata coa experiencia, e a experiencia é subxectiva. Dúas persoas distintas non poden ter a mesma experiencia, aínda que poidan expresalo coas mesmas palabras.

M: Debes buscar a verdade máis alá da mente.

I: Con todo o respecto, xa fartei de transos. Calquera droga pode inducilos rapidamente e sen custo económico. Incluso os clásicos *samadhis*, causados pola respiración ou exercicios mentais, non son moi diferentes. Son *samadhis* de osíxeno, *samadhis* de dióxido de carbono e *samadhis* autoinducidos pola repetición dunha fórmula ou unha cadea de pensamentos. A monotonía

é soporífera. Non podo aceptar o *samadhi*, por moi glorioso que sexa, como proba da verdade.

M: O *samadhi*' está máis alá da experiencia. É un estado indiferenciado.

I: A ausencia de experiencia débese á falta de atención. Volve coa atención. Pechar os ollos non demostra a inexistencia da luz. Atribuírlle realidade a estados negativos non nos vai levar moi lonxe. A propia negación contén a afirmación.

M: En certo xeito tes razón. Pero non te decatas de que estás a pedir a proba da verdade sen explicar cal é a verdade que tes en mente e cal sería a proba satisfactoria para ti? Podes probar calquera cousa, sempre e cando confíes na túa proba. Pero que pode demostrar que a túa proba é verdade? Eu podo levarte doadamente a admitir que o único que sabes é que existes; que ti es a única proba que podes ter de nada. Mais eu non identifico a mera existencia coa realidade. A existencia é momentánea, sempre no espazo e no tempo, mentres que a realidade é inmutable e penetra todo.

- I:** Co debido respecto, eu non sei qué é a verdade nin qué pode probala. Non me envíe de volta ás miñas propias fontes: non teño. Aquí vostede é o coñecedor da verdade, non eu.
- M:** Ti rexeitas o testemuño como proba da verdade: a experiencia doutros non ten valor para tí, rexeitas toda inferencia das declaracións concordantes dun vasto número de observadores independentes; logo é cousa túa dicirme cal é a proba que te satisfará. Cal é a túa medida dunha proba válida?
- I:** Sinceramente non sei que podería servir de proba.
- M:** Nin sequera a túa propia experiencia?
- I:** Nin sequera a miña experiencia ou a miña existencia. Ambas as dúas dependen de que eu estea consciente.
- M:** E de que depende o teu estar consciente?
- I:** Non sei. Fai tempo eu tería dito: do meu corpo. Agora sei que o corpo é secundario, non é o principal, e non pode ser considerado como proba da existencia.

- M:** Alédame que abandonases a idea do eu-son-o-corpo, a principal causa do erro e do sufrimento.
- I:** Abandoneina intelectualmente, pero a sensación de ser o particular, a persoa, está aínda comigo. Podo dicir: “eu son”, pero *que* son non podería dicilo. Sei que existo, pero non sei *que* é o que existe. Tanto ten coma o poña, enfróntome co descoñecido.
- M:** O teu propio existir é real.
- I:** Certamente non estamos falando do mesmo. Eu non son un ser abstracto. Son unha persoa, limitada e consciente das súas limitacións. Son un feito, mais un feito do máis insubstancial. Non hai nada que eu poida construír sobre a miña momentánea existencia coma persoa.
- M:** As túas palabras son máis sabias ca ti! Coma persoa a túa existencia é momentánea. Pero, estás certo de que non es máis que unha persoa? Es, sequera, unha persoa?
- I:** Como podería responder? A miña sensación de ser soamente proba que eu son; non proba nada que

sexa independente de min. Eu son relativo, tanto creación coma creador do relativo. Que é, e onde está a proba absoluta da verdade absoluta? Pode o só sentido do “eu son” ser a proba da realidade?

M: Por suposto que non. “Eu son” e “o mundo é” son interdependentes e condicionados. Existen por mor da tendencia da mente a proxectar nomes e formas.

I: Nomes e formas, ideas e conviccións, pero non a verdade. Eu tería aceptado a relatividade de todo, incluída a verdade, e aprendido a vivir sobre supostos, pero logo atopeime con vostede e escoiteille falar do Absoluto, situándoo ao meu alcance e sumamente desexable. Palabras coma paz, dita, eternidade, inmortalidade, enchéronme o ollo, coma quen ofrece a liberdade a cambio do medo e da dor. Os meus instintos natos, a busca do pracer e a curiosidade, xorden e comezo a explorar o reino que vostede me abriu. Todo semella do máis atractivo e eu, naturalmente, pregunto. É acadable? É real?

M: Es coma un neno que di: demostra que o azucre é doce, daquela tomareino. A proba da dozura está na boca, non no azucre. Para saber se é doce debes probalo, non hai outro xeito. Por suposto tes que comezar preguntando: É azucre? É doce? Entón aceptas a miña afirmación ata que o saboreas. Só así se esvaecerán as dúbidas todas e o teu coñecemento será un coñecemento de primeira man, inamovible. Eu non che pido que me creas. Só que me creas abondo para comezar. Cada paso acredítase ou desacredítase a si mesmo. Semella que queres que a proba da verdade vaia por diante da verdade. E cal vai ser a proba da proba? Non te decatás de que caes nunha regresión? Para paralo debes deixar de pedir probas e aceptar, por un intre soamente, algunha cousa coma certa; non importa realmente o que. Pode ser Deus, ou eu, ou ti mesmo. En calquera caso aceptas algo ou alguén descoñecido como verdadeiro. Entón, se actúas en base a esa verdade que aceptaches (aínda que sexa por un intre), pron-

to serás levado a un novo paso. É como gabear por unha árbore na escuridade: só podes collerte da próxima póla cando tes ben prendida a anterior. En ciencia chámalle o método experimental: para probar unha teoría fas un experimento de acordo coas liñas de actuación que deixaron aqueles que fixeron o experimento antes ca ti. Na busca espiritual a cadea de experimentos que un debe facer chámase *Yoga*.

- I:** Hai moitos *yogas*, cal escoller?
- M:** Por suposto cada *jnani* suxerirache o camiño dos seus propios logros coma o que el coñece máis intimamente. Pero a maioría deles son moi liberais e adaptan os seus consellos ás necesidades do pesquisador. Todos os camiños levan á purificación da mente. A mente impura é opaca á verdade; a mente pura é transparente. A verdade pode ser vista ao seu través clara e doadamente.
- I:** Síntoo, pero paréceme que non dou superado a miña dificultade. Estou pedindo a proba da verdade e o que me dan son os métodos para con-

seguila. Supoñendo que sigo os métodos e acado algún estado marabilloso e desexable, como podo saber que o meu estado é certo? Todas as relixións comezan coa fe e prometen algún tipo de éxtase. É a éxtase real ou o produto da fe? Xa que se é un estado inducido eu non quero saber nada del. Mira por exemplo o cristianismo que di: Xesús é o noso Salvador, crede e sere des salvados do pecado. Cando lle pregunto a un cristián pecador como é que non foi salvado de pecar a pesar da súa fe en Cristo, el responde: “A miña fe non é perfecta”. De novo entramos nun círculo vicioso: sen fe perfecta non hai salvación, sen salvación non hai fe perfecta: entón non hai salvación. Impóñense condicións incumpribles e logo somos culpados por non cumprilas.

- M:** Non te decatás de que o teu presente estado de vixilia é un estado de ignorancia. A túa pregunta sobre a proba da verdade nace da ignorancia da realidade. Estás a conectar os teus estados sensoriais e mentais no punto “eu son”, cando

a realidade non é unha realidade mediatizada, nin contactada, nin experimentada. Das a dualidade por feito, con tanta forza que nin sequera te decatás, mentres que para min a variedade e a diversidade non crean separación. Ti imaxinas que a realidade fica aparte de nomes e formas, mentres que para min os nomes e as formas son as sempre cambiantes expresións da realidade, non fican aparte dela. Ti preguntas pola proba da verdade cando para min toda existencia é a proba. Separas a existencia do feito de ser, e o feito de ser da realidade, cando para min todo é un. Por moi convencido que chegues a estar da verdade do teu estado de vixilia, ti non dis que sexa permanente e inmutable, como cando eu falo do meu. Con todo, eu non vexo diferenza entre nós, excepto que ti imaxinas cousas, e eu non.

- I: Primeiro descualifícame por preguntar pola verdade e logo acúsame de imaxinar cousas! O que para vostede é imaxinación para min é realidade.

- M: Ata que pescudas. Eu non te acuso de nada. Eu só che pido que preguntes sabiamente. No canto de andar a buscar pola proba da verdade, que ti descoñeces, vai adiante coas probas que tes do que crees saber. Atoparás que non sabes nada con certeza: confías nun ruxerruxe. Para coñecer a verdade debes pasar pola propia experiencia.
- I: Téñolle pánico aos *samadhis* e outros transos, tanto ten o que os cause. Beber, fumar, unha febre, unha droga, respirar, cantar, rebulir, bailar, dar voltas, rezar, o sexo ou o xexún, *mantras* ou algunha abstracción vertixinosa, pódenme desconectar do meu estado de vixilia e proporcionar-me algunha experiencia –extraordinaria por falta de familiaridade–, pero cando a causa cesa o efecto esvaécese e só fica un recordo, engaiolante, mais xa esmorecido.

Deixemos todos os métodos e os seus resultados, xa que os resultados están definidos polos métodos; reformulemos a pregunta: pode a verdade ser atopada?

M: En que lugar reside a verdade para que poidas ir na súa procura? E como saberás que a atopaches? Que baremo utilizarás para medila? Estás de volta na túa pregunta inicial: cal é a proba da verdade? Algo debe estar mal na propia pregunta, porque andas a repetila unha e outra vez. Por que preguntas cales son as probas da verdade? Non será porque non coñeces a verdade de primeira man e tes medo de ser enganado? Ti imaxinas que a verdade é unha cousa que leva escrito na fronte “verdade” e que é proveitoso tela, sempre e cando sexa xenuína. Velaí o teu medo a ser estafado. Saíches a mercar a verdade pero non confías nos comerciantes. Tes medo das falsificacións e das imitacións.

I: Non teño medo de ser enganado. Teño medo de enganarme a min mesmo.

M: Pero estaste a enganar a ti mesmo na ignorancia dos teus verdadeiros motivos. Preguntas pola verdade pero en realidade soamente buscas conforto, e queres que este dure para sempre.

Porén, nada, ningún estado mental, pode durar por sempre. No tempo e no espazo hai sempre un límite, porque o tempo e o espazo son limitados de seu. E no atemporal as palabras “para sempre” non teñen significado. O mesmo pasa con “a proba da verdade”. No reino da non-dualidade todo está completo, todo é a súa propia proba, o seu propio sentido e propósito. Onde todo é un non se precisa máis apoio. Ti imaxinas que a permanencia é a proba da verdade, que o que dura máis tempo é, dalgún xeito, máis real. O tempo pasa a ser a medida do real. Mais como o tempo está na mente, a mente convértese no árbitro e busca dentro de si mesma a proba da verdade: unha tarefa imposible e sen ningún viso de futuro!

I: Se vostede dixese: Nada é verdade, todo é relativo, eu concordaría. Pero vostede mantén que hai verdade, realidade, coñecemento immaculado; entón eu pregunto: Que é, e como o sabe? E qué será o que me faga exclamar: Si, Maharaj tiña razón?

- M:** Segues ancorado na necesidade dunha proba, un testemuño, unha autoridade. Pensas que a realidade vai chamar por ti e che vai dicir: “Mira, aquí estou!”. Non é así. A verdade non é o resultado dun esforzo, non é o final dun camiño. É aquí e agora, no mero desexalo e procuralo. Está máis preto do que a mente e o corpo, máis preto que a sensación “eu son”. Non o ves porque miras demasiado lonxe de ti, fóra do teu ser máis íntimo. Obxectualizaches a verdade e insistes nas túas probas e exames estándar, que só se poden aplicar ás cousas e aos pensamentos.
- I:** O único que podo sacar en limpo do que di é que a verdade está máis alá de min mesmo e que non estou cualificado para falar dela.
- M:** Non só estás cualificado senón que es a verdade mesma. É só que tomas ao falso polo verdadeiro.
- I:** Semella que di: Non pidas probas da verdade, preocúpate unicamente polo que non é verdadeiro.
- M:** A descuberta da verdade radica no discernimento do falso. Podes saber o que non é. O que é só

o podes ser. O coñecemento existe en relación ao coñecido. En certo xeito é a contrapartida da ignorancia. Cando non hai ignorancia, onde está a necesidade de coñecemento? A ignorancia e o coñecemento non teñen esencia de seu. Son soamente estados da mente que, unha vez máis, non son outra cousa que unha irrupción do movemento na conciencia, que é, en esencia, inmutable.

- I:** A verdade está dentro do reino da mente ou máis alá?
- M:** Non é ningún dos dous, é ambos os dous. Non pode ser dito en palabras.
- I:** Isto é o que oio todo o tempo: inexpresable (*anirvachaniya*). Iso non me fai máis sabio.
- M:** É certo que a miúdo encobre pura ignorancia. A mente pode operar con termos da súa propia fabricación; sinxelamente non pode ir alén de si mesma. Aquilo que non é sensorial nin mental, mais sen o cal nin o sensorial nin o mental poderían existir, non pode ser contido neles. Tes que

entender que a mente ten os seus límites; para ir máis alá debes encomendarte ao silencio.

- I:** Podemos dicir que a acción é a proba da verdade? Pode non ser verbalizada, pero pode ser demostrada.
- M:** Nin acción nin inacción. Está máis alá dos dous.
- I:** Pode alguén dicir algunha vez: “Si, isto é certo”? Ou tense que ver limitado á negación do falso? Ou noutras palabras, é a verdade negación pura? Ou chega un momento no que se converte en aserción?
- M:** A verdade non pode ser descrita, mais pode ser experimentada.
- I:** A experiencia é subxectiva, non pode ser comparada. As súas experiencias déixanme como estaba.
- M:** A verdade pode ser experimentada, porén non é mera experiencia. Eu sei e podo transmitilo, mais só se ti estás aberto. Estar aberto significa non querer outra cousa.
- I:** Estou cheo de desexos e medos. Significa iso que non son apto para ver a verdade?

- M:** A verdade non é unha recompensa por boa educación, nin un premio por pasar certas probas. Non pode ser entregada. É o primordial, o non nato, a antiga raíz de todo o que é. Ti es apto porque ti es. Non precisas ser merecedor da verdade. É túa. Deixa de fuxir intentando achegarte. Fica quieto, fica tranquilo.

- I:** Meu señor, se quere que o corpo estea quieto e a mente tranquila, dígame como se fai.

Na auto-observación vexo ao corpo e á mente movidos por causas fóra do meu control. A herdanza e o entorno domínanme absolutamente. O poderoso “eu son”, o creador do universo, pode ser expulsado temporalmente por unha droga, ou definitivamente cunha pinga de veneno.

- M:** De novo, tómoste a ti mesmo polo corpo.
- I:** Aínda se ignoro este corpo de carne e óso, como se non fora meu, con todo permanezo co meu corpo sutil feito de pensamentos e sentimentos, lembranzas e imaxinacións. Se obvio estes tamén

como non-eu, aínda permanezo como Conciencia, que tamén é un tipo de corpo.

- M:** Estás totalmente acertado, mais non precisas parar aí. Vai máis alá. Nin a Conciencia nin o “eu son” que está no seu centro es ti. O teu verdadeiro ser é completamente inconsciente de si mesmo, está completamente libre de calquera autoidentificación co que sexa; basto, sutil ou transcendental.
- I:** Pódome imaxinar a min mesmo máis alá. Pero que proba teño? Para ser preciso ser alguén.
- M:** É xusto do revés. Para ser, precisas non ser ninguén. Pensar que es algo ou alguén significa a morte e o inferno.
- I:** Lin que no antigo Exipto a xente era iniciada en certos misterios, baixo a influencia de drogas ou feitizos, nas que saírían dos seus corpos e poderían realmente experimentar estar do lado de fóra e ollar a súa propia forma xacente. Isto facíase co gallo de convencelos da realidade da vida despois da morte e crear un interese pro-

fundo no seu destino último, beneficioso tanto para o templo coma para o estado. A autoidentificación coa persoa permanecía.

- M:** O corpo está feito de alimento, como a mente está feita de pensamentos. Míraos como o que son. A non-identificación, cando é espontánea e natural, é liberación. Non precisas saber *que* es. Abonda con que saibas o que non es. O que es nunca o vas saber, xa que cada nova descuberta revela unha nova dimensión que conquistar. O descoñecido non ten límites.
- I:** Implica iso ignorancia perpetua?
- M:** Iso implica que a ignorancia nunca existiu. A verdade está no descubrir, non no descuberto. Cuestiona os límites, vai máis alá, asígnate tarefas aparentemente imposibles: ese é o xeito.

NOTAS

¹ Transo. Estado superconsciente. Nótese que cando Ni-sargadatta di, na súa resposta, “O samadhi está máis alá da

experiencia. É un estado indiferenciado”, semella facer alusión ao *nirvikalpa samadhi*; neste a diferenza entre o suxeito coñecedor, o obxecto coñecido e o propio acto de coñecer, desaparece.

Liberarse da autoidentificación

MAHARAJ: Podedes sentar no chan? Faivos falta algún coxín? Tendes algunha pregunta que facer? Tampouco é que teñades que preguntar, tamén podedes ficar calados. *Ser*, tan só *ser*, é importante. Non precisades preguntar ou facer nada. Un xeito tan aparentemente lacazán de pasar o tempo é moi estimado na India. Significa que durante ese tempo estás libre da obsesión do “Que vén agora?” Cando non andas ás prásas e a mente está libre de preocupacións torna tranquila, e no silencio pode ser escoitado algo que normalmente é demasiado lene e sutil para ser percibido. A mente debe estar aberta e caladiña

para ver. O que intentamos facer aquí é levar as nosas mentes ao estado axeitado para comprender aquilo que é real.

INTERLOCUTOR: Como aprendemos a abandonar as nosas preocupacións?

M: Non debes preocuparte polas túas preocupacións. Tan só sé. Non intentes estar tranquilo; non fagas do “estar tranquilo” unha tarefa que levar a cabo. Non te inquietes co “estar tranquilo”, non sexas miserable polo “estar feliz”. Fica atento ao feito de que ti es, e mantente atento: non digas “Si, eu son; que vén despois?”. Non hai un “despois” no “eu son”. É un estado atemporal.

I: Se é un estado atemporal, el mesmo se afirmará.

M: Ti es o que es atemporalmente, pero de que che serve se non o sabes nin actúas en consecuencia? O teu pratiño de pedir esmola pode estar feito de ouro pero mentres non o saibas seguirás sendo pobre. Debes coñecer a túa valía interior e confiar nela, expresala no sacrificio diario do desexo e do medo.

I: Se me coñezo a min mesmo; non desexarei nin temerei máis nada?

M: Durante un tempo os hábitos mentais poden permanecer a pesar da nova visión: o costume de desexar o pasado coñecido e de temer un futuro descoñecido. Cando sabes que estes pertencen só á mente, podes superalos. En tanto teñas ideas de todo tipo acerca de ti mesmo haste ver a través da brétima desas ideas; para coñecerte como realmente es, abandona esas ideas. Non podes imaxinar o sabor da auga pura, só podes descubrila abandonando todos os sabores.

Mentres sigas interesado no teu actual estilo de vida non o abandonarás. A descuberta non pode chegar se te aferras ao coñecido. É só cando te decatas da inmensa miseria que é a túa vida e te revelas en contra dela que podes atopar unha saída.

I: Agora decátome de que o segredo da vida eterna da India reside nestas dimensións da existencia, das que a India foi sempre o custodio.

M: É un segredo aberto e sempre houbo xente disposta e preparada para compartilo. Mestres hai moitos, discípulos carentes de medo, moi poucos.

I: Eu estou máis que disposto a aprender.

M: Aprender palabras non abonda. Podes coñecer a teoría, pero sen a experiencia de feito do teu ser como centro impersoal e incualificable de amor e dita, o simple coñecemento verbal é ermo.

I: Que debo facer entón?

M: Intenta *ser*, só *ser*. A palabra chave é “intentar”. Faite cun certo tempo cada día para estar sentado en silencio, intentándoo, intentando ir máis alá da personalidade e das súas adiccións e obsesións. Non preguntes como, non se pode explicar. Ti segue a intentalo ata que o acades. Se perseveras non podes fracasar. O principal é a sinceridade e a seriedade; tes que estar realmente farto de ser a persoa que es; observa entón a urxente necesidade de liberarte desa autoidentificación innecesaria, cos seus recordos e os seus

costumes. Esta firme resistencia perante o innecesario é o segredo do éxito.

Despois de todo ti es o que es cada intre da túa vida, pero nunca es consciente deste feito agás, quizais, cando acordas do sono. Todo o que se precisa é estar atento ao feito de ser, non coma unha sentenza verbal senón coma un feito sempre presente. Reparar no feito de que ti es abrirache os ollos ao que es. É todo moi simple. Antes de nada establece un contacto constante co teu *ser*, fica co teu *ser* todo o tempo. Da autoobservación flúen todas as beizóns. Comeza como o centro de observación, como coñecemento deliberado, e medra nun centro de amor en acción. “Eu son” é unha pequena semente que medrará coma unha poderosa árbore, de xeito totalmente natural, sen esforzo ningún.

I: Vexo moita maldade en min. Non debería cambialo?

M: A maldade é a sombra da desatención. Baixo da luz da autoobservación esa póla secará e caerá.

Toda dependencia do outro é fútil, xa que o que uns che deron, outros cho poden quitar. Só o que é teu dende o comezo permanecerá contigo ao final. Non aceptes outra guía que a interior e, aínda así, aparta todo recordo pois fará que te desvíes. Aínda que sexas completamente ignorante dos medios e das ferramentas permanece tranquilo e mira no teu interior; as indicacións chegarán de seguro. Nunca quedarás sen saber cal debe ser o paso seguinte. O único problema é que podes querer evitalo. O *Guru* está aí para darche forza gracias á súa experiencia e ao seu éxito. Pero só o que descubres a través da túa propia observación, do teu propio esforzo, será de uso permanente para ti.

Lembra que nada que poidas percibir es ti. Nada de valor pode chegar a ti dende fóra; son unicamente as túas propias sensacións e a túa comprensión as que son relevantes e reveladoras. As palabras, escoitadas ou lidas, só crearán imaxes na túa mente, pero ti non es unha imaxe

mental. Ti es o poder de percepción e estás máis alá das imaxes.

- I:** Semella que pides que me centre en min mesmo ata o punto do egoísmo. Non debería ter conta do meu interese por outras persoas?
- M:** O teu interese noutros é egoísta, interesado e autorreferencial. Non estás interesado nos outros como persoas entanto non enriquecen ou ennobrecen a imaxe que tes de ti mesmo. E o colmo do egoísmo é preocuparse unicamente da protección, preservación e multiplicación do propio corpo. Por corpo refírome a todo o que está relacionado co teu nome e a túa forma: familia, tribo, país, raza, etc... Estar apegado ao teu nome e á túa forma é egoísmo. Quen sabe que non é nin o corpo nin a mente non pode ser egoísta, porque non ten nada polo que ser egoísta. Ou tamén podes dicir que é equitativamente egoísta con cadaquén que atopa; o benestar de todos é o seu propio benestar. O sentimento “Eu son o mundo; o mundo é o meu ser”, torna comple-

tamente natural; unha vez establecido non hai xeito de ser egoísta. Ser egoísta significa cobizar, adquirir, acumular para unha parte en oposición ao todo.

- I:** Un pode ser rico e ter moitas posesións por heranza, por casamento ou simplemente por boa sorte.
- M:** Se non termas delas quitaranchas.
- I:** No teu estado actual podes amar a unha persoa como persoa?
- M:** Eu son a outra persoa, a outra persoa son eu mesmo; no nome e na forma somos distintos mais non hai separación. Na raíz do noso ser somos un.
- I:** Non é así sempre que existe amor entre dúas persoas?
- M:** É, si, pero elas non son conscientes do feito. Senten a atracción pero descoñecen o motivo.
- I:** Por que é selectivo o amor?
- M:** O amor non é selectivo, o desexo é selectivo. No amor non hai estraños. Cando xa non existe

o centro do egoísmo, o desexo polo pracer e o medo á dor cesa; un deixa de estar interesado na felicidade; máis alá da felicidade está a intensidade pura, a enerxía inesgotable, a éxtase de dar dunha fonte perenne.

- I:** Non debería comezar por resolver eu mesmo o problema do que está ben e mal?
- M:** A xente toma o que é pracenteiro por bo e o que causa dor por malo.
- I:** Si, así pasa con nós, xente corrente. Pero como é contigo, ao nivel da Unidade? Que é bo e que é malo para ti?
- M:** O que acrecenta o sufrimento é malo, o que o elimina é bo.
- I:** Entón estás a negarlle a bondade ao propio sufrimento. Existen relixións nas que o sufrimento é considerado bo e nobre.
- M:** *Karma*, ou destino, é unha expresión para designar unha lei beneficosa: o universal tende ao equilibrio, á harmonía e á unidade. O que acontece en cada intre, tanto ten o que sexa, é

para ben. Pode semellar doloroso e feo, un sufrimento amargo e sen sentido, mais considerando o pasado e o futuro, é para ben, a única saída a unha situación desastrosa.

- I:** Sofre un polos pecados propios?
- M:** Cada quen sofre de acordo co que cre que é. Se te sentes un coa humanidade, sufrirás coa humanidade.
- I:** E como ti dis ser un cos que sofren, non hai límite no espazo nin no tempo para o teu sufrimento!
- M:** Ser é sufrir. Canto máis estreito é o círculo da miña autoidentificación, tanto máis nidio o sufrimento causado polo desexo e o medo.
- I:** O Cristianismo acepta o sufrimento como purificador e nobre, mentres que o Hinduísmo mira para el con desgusto.
- M:** Dicir Cristianismo é unha maneira de xuntar palabras, Hinduísmo é outra. O real é, detrás e alén das palabras, incomunicable. Experimentado directamente é explosivo no seu efecto sobre a mente. É fácil de obter cando non se quere

outra cousa. O irreal é creado pola imaxinación e perpetuado polo desexo.

- I:** Non pode haber algún tipo de sufrimento que sexa bo e necesario?
- M:** Sexa accidental ou incidental, a dor é inevitable e transitoria; a dor provocada, aínda infrinxida coa mellor das intencións, é cruel e non ten sentido.
- I:** Non castigarías o crime?
- M:** O castigo non é máis que crime legalizado. Nunha sociedade baseada na prevención, no canto do castigo, habería moi pouca criminalidade. As poucas excepcións serían tratadas clinicamente, coma un corpo e unha mente inestables.
- I:** Parece que non tes moito en conta á relixión.
- M:** Que é a relixión? Unha nube no ceo. Eu vivo no ceo, non nas nubes, que son un feixe de palabras que alguén puxo xuntas. Elimina todo o latricar e que fica? Fica a verdade. O meu fogar está no inmutable, que semella ser un estado de reconciliación e integración constante dos opostos. A xente ven aquí a aprender da existencia de

semellante estado, os obstáculos para a súa aparición e, unha vez que foi percibido, aprenden a arte de establecerse na conciencia de xeito que non exista confrontamento entre a comprensión e a vida. O estado do que falo está máis alá da mente e non precisa ser aprendido. A mente só pode concentrarse nos obstáculos; ver un obstáculo como obstáculo resulta efectivo porque é a mente actuando sobre a mente. Comeza polo primeiro: presta atención ao feito de que ti es. En ningún momento podes dicir “eu non era”, o único que podes dicir é “non me lembro”. Sabes o pouco fiable que é a memoria. Acéptao: enleado nos teus asuntos persoais esqueches o que es; trata de recuperar o recordo perdido coa eliminación do coñecido. Non se che pode dicir o que pasará, e tampouco é desexable; a anticipación creará ilusións. Na busca interior o inesperado é inevitable; as descubertas fican, invariablemente, fóra do campo da imaxinación. Así como unha crianza que aínda non naceu non

pode imaxinar como será a vida fóra, xa que non ten nada na súa mente co que facerse unha idea válida, así a mente é incapaz de pensar sobre o real en termos prestados do irreal excepto por negación: “nin isto, nin aquilo”. A aceptación do irreal coma real é o obstáculo; ver o falso como falso e abandonar esa falsidade trae a realidade ao ser. Os estados de absoluta claridade, amor inmenso, e carencia total de medo por agora non son máis que palabras co perfil esluído, insinuacións do que podería ser. Es coma un home que agarda recobrar a vista como resultado dunha operación –dando por suposto que non eludes a operación!–. O estado no que eu me atopo, en palabras, non ten importancia ningunha. Tampouco lle aporta el nada ao mundo das palabras. Só os feitos importan.

- I:** Non pode haber relixión sen palabras.
- M:** A relixións escritas son feixes de palabras. As relixións amosan o seu verdadeiro rostro en acción. Para coñecer o que cre un home, observa

de que xeito actúa. Para a maioría da xente servir ao seu corpo e á súa mente é a súa relixión. Pode que teñan ideas relixiosas, pero non actúan de acordo con elas. Xogan con elas, de cote gábanse delas, pero non actuarán en consonancia.

- I:** As palabras son necesarias para a comunicación.
- M:** Para intercambiar información si. Pero a comunicación real entre persoas non é verbal. Para establecer e manter unha relación requírense atención e agarimo expresados na acción directa. Non é o que dis senón o que fas o que importa. As palabras son creadas pola mente e teñen sentido tan só ao nivel da mente. Toma a palabra “pan” por exemplo: non podes comela nin vivir dela, tan só implica unha idea. Só toma sentido cando realmente comes o pan. Neste mesmo sentido estouche a dicir que o Estado Normal non é verbal. Podo dicir que é amor compasivo expresado en acción, pero estas palabras significan ben pouco como non as experimentes en todo o seu sentido e beleza.

As palabras teñen a súa utilidade limitada, pero o malo é que non lles poñemos límite e lévannos ao bordo do desastre. As nosas nobres ideas están delicadamente equilibradas por innobres accións. Falamos de Deus, Verdade e Amor, pero no canto da experiencia directa temos definicións. No canto de expandir e profundar na acción adicámonos a cicelar as nosas definicións e imaxinamos que coñecemos aquilo que somos quen de definir!

- I:** Como pode un transmitir unha experiencia se non é con palabras?
- M:** A experiencia non pode ser transmitida con palabras. Vén coa acción. Unha persoa que vive a súa experiencia con intensidade irradiará confianza e valor. Outros actuarán tamén e gañarán experiencia nacida da acción. A ensinanza verbal ten a súa utilidade, prepara a mente para invalidar o que acumulou.

O nivel de madurez é alcanzado cando nada externo ten xa valor e o corazón está disposto a aban-

donalo todo. Entón o real ten unha oportunidade e aprobeítaa. Os retrasos, cando os hai, están causados pola mente que non quere ver ou descartar.

I: Estamos tan absolutamente sós?

M: Non, non estamos. Os que teñen poden dar. E xente desta hai moita. O propio mundo é un agasallo, mantido con amoroso sacrificio. Pero receptores axeitados, sabios e humildes, hai ben poucos. “Pide e daráseche” é a lei universal.

Aprendiches moitísimas palabras, moitísimas levas dito. Coñécelo todo, mais non te coñeces a ti mesmo. E é que o Ser non é coñecido a través das palabras, só a visión directa cho revelará. Mira no teu interior, procura no interior.

I: É moi difícil abandonar as palabras. A nosa vida mental é un fluxo constante de palabras.

M: Non é que sexa difícil ou doado. Non hai alternativa. Ou ben o intentas ou non: é cousa túa.

I: Intenteino moitas veces e fracasei.

M: Inténtao de novo. Se segues a intentalo pode que algo aconteza, se non o fas ficarás atoadado.

Pode que coñezas todas as palabras, que cites as escrituras e sexas brillante nas túas conversas, mais así e todo seguirás sendo un saco de ósos. Ou podes ser discreto e humilde, unha persoa absolutamente insignificante pero que brilla con amor compasivo e profunda sabedoría.

Glosario

ANANDA: Dita, gozo, ledicia. Aspecto do Absoluto baixo a aproximación do sentimento (ver *Chit*). Na tradición hindú dise que a Realidade Última é *Sat-Chit-Ananda*: Ser-Conciencia-Felicidade.

ANIRVACHANIYA: Indescribable, inefable (*a*, partícula negativa + *vachaniya*, de *vach*, palabra ou expresión).

ASHRAM: Aínda que un *Ashram* é propiamente un mosteiro, compre destacar certas diferenzas cos mosteiros occidentais. Xeralmente un *Ashram* é creado arredor da figura dun *jnani* (coma no caso de Ramana Maharshi, Sri Aurobindo ou Sivananda Swami), polos seus seguidores, e, cando esa persoa fina, os seus discípulos manteñen as ensinanzas da mestra ou o mestre. Habitualmente existe un pequeno nú-

mero de persoas residentes encargadas do mantemento e xestión do espazo e que se ocupan de dar acollida a distintos visitantes interesados naquelas ensinanzas, e que veñen e van nun tráfico constante. As estancias destes convidados poden ser varias, desde un ou varios días ata varios anos.

ATMA, ATMAN: Alma. A divindade expresada na individualidade (*atm*, que pertence a un). O verdadeiro suxeito de todo coñecemento e que nunca se mestura con nada que non sexa el mesmo (ver *Yoga*).

AVATAR, AVATARA: Encarnación, xeralmente dunha divindade. Tamén se pode referir ás distintas reencarnacións dunha persoa común.

AVYAKTA: O non manifestado (*a*, partícula negativa + *vyakta*, o manifestado). Sinónimo da Realidade Última (ver *vyakta* e *vyakti*).

BRAHMA: Deus do panteón hindú. Un dos tres compoñentes da trimurti, xunto con Vishnu e Shiva; onde Brahma é o creador, Vishnu o sustentador e Shiva o destrutor, cuxa destrución dá lugar a unha nova creación.

BRAHMAN: O Absoluto, a Realidade Última. Na tradición do *Yoga* procúrase a unión do *Atman* co *Brahman*. Unión en últi-

ma estancia ficticia, segundo a Advaita Vedanta, pois a Realidade Última é omnipresente e inmutable e, cando a ignorancia é apartada, revélase que tal separación nunca existiu (ver *Yoga*).

CHIT, CIT: Conciencia universal (*chit*, percibir). Aspecto do Absoluto baixo a aproximación do discernimento e o razoamento.

GUNAS: Atributos ou calidades básicas. Os *gunas* son as forzas ou tendencias dentro do mundo fenoménico; existen tres *gunas*: *tamas*, *rajas* e *sattva*. Dependendo de cal sexa a preponderante un individuo tenderá á inercia e a preguiza no caso de *tamas*, á actividade e o desacougo no caso de *rajas*, e ao equilibrio no caso de *sattva*.

GURU: Mestre, guía.

JNANA, JÑANA: Sabedoría. Coñecemento espiritual.

JNANI, JÑANI: Literalmente “coñecedor”, o que coñece a realidade; sabio. A miúdo *jnani* é sinónimo de *Guru*, se ben non todos os *jnani* son *Gurus*, en tanto non dan ensinanza formal ou simplemente non teñen discípulos. Porén é desexable que un *Guru* sexa un *jnani*, pois un mestre debería estar afincado na experiencia do Ser para así poder guiar a outros ao estadio final da realización.

KARMA: Acción. Especialmente acción con cargo de responsabilidade. Existen tres tipos de *karma*:

Sanchita karma: o *karma* acumulado en reencarnacións previas.

Prarabdha karma: *karma* do pasado que aínda se ten que desprezar na vida presente.

Agami karma: as accións no presente cuxas consecuencias crean *karma* futuro.

MANTRA: Palabras sagradas. Xeralmente repítense como protección ou para acadar un obxectivo específico. O *mantra* máis afamado é o *Om* ou *Aum*, que é outro dos nomes (segundo moitos o máis sagrado) de Deus.

MAYA, MAHA-MAYA: Ilusión, o poder ilusorio que oculta a realidade; ignorancia..

NISARGA: Natural, innato.

PARABRAHMAN: O Absoluto. Dependendo do contexto equivale a *Brahman*, ou transcende a este.

RAJAS: Enerxía, paixón (ver *gunas*).

SADANUBHAV: A experiencia da realidade eterna (*sada*, sempre + *anubhava*, experiencia).

SADHANA: Práctica espiritual.

SAMADHI: Tránsito. Estado superconsciente.

SATTVA: Equilibrio (ver *gunas*).

SATVANUBHAV: A experiencia da harmonía do universo (*sattva*, equilibrio + *anubhava*, experiencia).

SWARUPA: Ser-esencia, realidade (*sva*, que pertence a un mesmo + *rupa*, elemento ou forma sutil).

TAMAS: Inercia, preguiza (ver *gunas*).

TURIYA: O cuarto estado. O estado que repousa baixo os estados de vigilia, soños e sono profundo e que transcende a estes.

TURIYATITA: Aquel que está máis alá do estado de *turiya*.

UPANISHADS: Textos de carácter filosófico considerados coma a orixe da relixión hindú. As *Upanishads*, xunto co *Bhagavad Gita* e os *Brahma Sutras* conforman os tres grandes pilares da filosofía Vedanta.

VAIRAGYA: Non-apego, xeralmente entendido como disciplina. É habitual na vida dos renunciados (*sannyasi*), que recorran a esta práctica, se ben uns interpretan *vairagya* como renuncia aos bens materiais de feito, chegando a non posuír absolutamente nada, e outros, coma no caso do propio Nisargadatta Maharaj, a interpretación apunta

cara unha renuncia interior, sendo esta independente da vida material da persoa.

VEDANTA: Literalmente “o remate dos Vedas”. Escola filosófica que nace da interpretación (e posta en práctica) dos escritos das Upanishads, concibida coma o estadio final da comprensión dos Vedas. No caso de Nisargadatta Maharaj estamos a falar do Advaita Vedanta, a corrente non-dual do Vedanta.

VEDAS: Son os textos máis antigos escritos en Sánscrito e, por extensión, os máis antigos do Hinduísmo. Os primeiros Vedas calcúlase que foron escritos ao redor do 1500 a.C. e conteñen unha serie de fórmulas e himnos que debían ser declamados nas prácticas relixiosas. A tradición hindú considera que os Vedas son textos revelados e que a súa xénese e carácter son, por tanto, divinos.

VYAKTA: A materia manifestada (ver *avyakta*).

VYAKTI: A persoa, o ser externo.

YOGA: Ioga, literalmente unión (*yug*, unión). Un dos seis grandes sistemas filosóficos hindúes cuxo fin é a unión da alma individual (*atman*, *jivatma*) co Ser Universal (*Brahman*, *Paramatma*). Existe unanimidade en outorgarlle o

mérito da creación desta disciplina a Patanjali. Hoxe en día existen diversas escolas de *Yoga*, incluídas correntes dualistas e monistas. Nun sentido máis amplo *Yoga* significa búsqueda espiritual en toda a súa amplitude, mantendo a finalidade antes sinalada da unión da alma individual co Ser Universal, por iso practicantes de correntes espirituais distintas do que tradicionalmente se considera *Yoga* tamén son chamados *yogis*.

YOGI: Practicante dun determinado *Yoga*. No seu uso máis amplo, *yogi* é calquera persoa que se atope na procura espiritual.

YUGA: Unidade de tempo nas cosmoloxías indias. Existen catro *yugas*: *Satya Yuga*, *Treta Yuga*, *Dwapar Yuga* e *Kali Yuga*. O *yuga* máis breve dos catro que existen –o *Kali-Yuga*–, equivale a 432.000 anos, aínda que compre sinalar que eruditos coma Sri Yukteshwar Giri estableceron a duración dos *yugas* en periodos moito máis curtos ata un ciclo total de tan só 24.000 anos que comprendería os catro *yugas*.



Este libro
abriu as súas follas
no mes de Nadal
de 2012

*

"Tat tvam Asi"
(Chandongya Upanishad)

